

vilalba

A localidade despide as festas dos 50 anos do Certame Literario. **Páx. 2**

friol

Falamos con Ana María Pardo Lourenzo, única concelleira da oposición. **Páx. 11**

guitiriz

Todo preparado para celebrar os días 6 e 7 deste mes o Parga Rock. **Páx. 12**

castro de rei

A rehabilitación de San Rafael enfrota ao Concello e á Deputación. **Páx. 15**

cospeito

A Moexmu renderá homenaxe a todas as comisións organizadoras. **Páx. 26**

Guitiriz transforma o PAI nunha escola infantil



Coñecendo os pros e contras do Cine Man

O proxecto de Rábade causa polémica, ademais de polos retrasos, pola nova distribución. **Páx. 19**

Impulso ás Reservas da Biosfera

A Deputación aprobou os 41 proxectos medioambientais. **Páx. 27**

Cita coa historia



Esta festa etnográfica arrancará o día 13 nas Pontes. **Páx. 6**

Feira do Poldro



O 22 de setembro terá lugar a edición número XXXVI deste clásico. **Páx. 16**

Encontro de Torneiros



A nova cita con estes profesionais, entre o 20 e o 22, xa está preparada. **Páx.24**

Volve o fútbol e o fútbol sala con cambios

Analizamos o inicio da tempada para os equipos da provincia coa nova normativa Futgal. **Páx. 30-31**

NOVALUX
Óptica & centro auditivo

VOLTA Ó COLE!

Gafas Nano Indestructible + cristáis graduados **dende 99€**

Vilalba 982 51 01 00
981 45 15 04 As Pontes

Nº R.S. 0-27-0001174 / 0-27-0001110 - Nº R.S. 0-15-0001134 / 0-15-0011730

Mónica González dirixirá Cultura tralo cese de Tamara Rodríguez

A concelleira de Cultura, Tamara Rodríguez, anunciou a súa “firme intención” de renunciar á acta de concelleira e ao seu posto no Goberno Local “por motivos de conciliación laboral e familiar”.

Fíxoo arroupada polos seus compañeiros en Vilalba Aberta, incluído o portavoz municipal e vicecalde, Modesto Renda, e a número 2 da formación e tamén compañeira de Rodríguez no Goberno de Vilalba, M^{ra} Xosé Fernández.

“Apoiamos e comprendemos con toda a dor do noso corazón os motivos polos cales Tamara toma esta decisión”, declarou Modesto Renda que coincidiu con Rodríguez en deixar claro que esta renuncia ven propiciada “única e exclusivamente por motivos de conciliación. Ás súas responsabilidades de Goberno, Rodríguez sumaba ás que tiña como traballadora autónoma á fronte dun negocio e nai, o que na última etapa lle resultaba imposible de conxugar”, explicou Renda..



Rodríguez agradeceu “a confianza e o cariño que día a día lle mostraron so seus compañeiros” e deu a súa palabra de que a renuncia non se fará efectiva ata que “se teñan rematado as Festas de San Ramón e Santa María”. Será aí cando deixe o seu lugar á número catro de Vilalba Aberta e actual coordinadora xeral da formación, Mónica González, presente tamén na despedida de Rodríguez e que non só asumirá o seu posto como concelleira se non que asumirá tamén as súas responsabilidades de goberno e a propia área de Cultura.

Vilalba despide as festas dos 50 anos do Certame Literario

Vilalba prepárase para vivir un fin de festa logo da celebración da gala do L Certame Literario, na que tamén interveu Miguel Barrera, pregoeiro das festas.

Andrea Fernández Maneiro, gañadora da quincuaxésima edición do certame literario máis antigo de Galicia coa súa obra *Meridiano Orixé*, recibiu na gala o premio que recoñece o seu logro. Ademais dun agasallo floral, a alcaldesa fixo entrega á gañadora do cheque por un valor de 7.000 euros.

Previamente, o acto contou coa intervención da Escola Municipal de teatro de Vilalba e as agrupacións locais Corredores de Sombras e Entre Lusco e Fusco, correndo a cargo de Xulio Xiz e Loli Soto a presentación da gala. Ademais, o público puido gozar doutras actuacións musicais protagonizadas pola Asociación Cultural Movemento, a Minibanda e a Banda de Música de Vilalba, encargada de pechar o acto.

Pola súa banda, Xosé Miguel Barrera Vázquez, gañador do Certame Literario do Concello de Vilalba na edición do ano 2019, deu lectura ao pregón.



FIN DE FESTA. Nos últimos días das festas destaca a actuación do DJ Grande Osso, o xoves e música tradicional a partir das 20.00 horas do venres, que rematará cunha foliada na praza de Santa María. Tamén, a sala de exposicións do auditorio municipal acollerá a presentación do foto-libro *Lumes* de Adra Pallón. O sábado día 7 pola mañá, ás 12.30 horas, volverán os pasacalles a cargo do grupo tradicional Buxos Verdes. Así mesmo dará comezo o Torneo de Rugby 3x3 Santa María, que chega á súa terceira edición, e despois será a sesión vermú amenizada pola orquestra Fuego na praza da Consti-

tución.

Pola tarde, ás 20.00 horas celebrárase no auditorio o Festival de Bandas Pepe Guntín, que está organizado pola Banda de Música de Vilalba e a de Padrón. Xa pola noite, a sesión musical será a cargo das orquestras Fuego e Claxxon.

O derradeiro día festivo, o domingo 8 de setembro, será o Día da Parroquia, que este ano está dedicado a Oleiros. Esta cita contará con pasacalles a cargo do grupo tradicional Cerna de Árbol, da Charanga de Vilalba, e acto seguido farase unha sesión matinal prolongada amenizada pola orquestra Travesía e o dúo Estrellas.

CENTENARIA



Aurora Alvaríño, veciña do barrio de Viladónega, na parroquia de Corvelle, cumpriu 103 anos, o que a converte nunha das tres mulleres máis lonxevas do municipio vilalbés. Aurora recibiu a visita da alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, que agasallouna cun ramo de flores.

Contrástanse os primeiros 12 meses do ‘Plan Piloto’ da praza de Santa María

O vicecalde e responsable de mobilidade Modesto Renda e a edil de comercio, María Xosé Fernández, reuníronse co comercio e a hostalería do Centro Histórico co ánimo de contrastar con eles os primeiros 12 meses do ‘Plan Piloto’ de Posta en Valor da Praza de Santa María no que se está traballando.

Unha xuntanza na que comerciantes e hostaleiros puxeron enriba da mesa a necesidade modificar o hora-

rio de estacionamento na praza, en aras de incentivar a súa actividade, sen que iso supoña un paso atrás na “concepción peonil” pretendida polo Concello no medio prazo.

Así, a proposta defendida polos negocios era a de ampliar o tempo de aparcamento os sábados e facela coincidir co horario comercial e de comidas ao tempo que os domingos, festivos e os propios sábados a partires das 17.00 horas a Praza sexa

peonil, permitíndose como ata o de agora o libre paso de vehículos e o estacionamento na praza reservada para persoas con mobilidade reducida. A resposta do Concello foi afirmativa e será xa dende este sábado cando entre en vigor.

Dende a área de Mobilidade séguese traballando na ampliación dos espazos públicos para o estacionamento, co fin de dar alternativas de cara a unha futura peonalización da zona.

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

CARACOL+

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

Comezan as obras para renovar o parque da rúa Emigración

A empresa adjudicataria das obras do parque infantil da Rúa da Emigración de Vilalba, deu inicio ás actuacións para proceder á renovación e acondicionamento do mesmo.

As obras inclúen a colocación dunha corda tirolesa de 25 metros de lonxitude, así como a reparación e reinstalación dos xogos existentes, que se complementará co cambio de localización do mobiliario co que conta actualmente o parque infantil. Pola súa banda, os traballos tamén suporán a demolición e retirada do actual pavimento amortecedor e as soleiras de formigón que conforman a súa base, para logo instalar un novo pavimento de seguridade con acabado de céspede artificial.

Un conxunto de actuacións que “dan resposta ás necesidades demandadas polos nenos e nenas no Consello da Infancia e mellorarán o estado dos xogos infantís e da contorna para dotala de maior seguridade e



confort para os usuarios e usuarias”, explicou a alcaldesa, Marta Rouco. Así mesmo, a rexedora tamén salientou “o dinamismo que aportará a colocación da corda tirolesa, sendo este o único parque do noso casco urbano que contará cunha infraestrutura coma esta” e a cal se inclúe nun proxecto de obra que ascende aos 51.112,23 euros de inversión. En canto ao orzamento, 35.778,56

euros serán achegados en forma de subvención pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e os 15.333,67 euros restantes correrán a cargo das arcas municipais. Finalmente, no referido ao prazo de execución, a previsión da empresa é ter rematadas as actuacións durante este mes de setembro, de tal forma que os nenos e nenas poidan aproveitar as melloras realizadas.

Blanco visita o Parador e anuncia investimentos no edificio patrimonial



O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, celebrou en Vilalba a aposta do Goberno pola mellora da oferta turística de calidade que representan os Paradores de Turismo de Galicia, con investimentos de 35 millóns de euros para a recuperación do patrimonio e mellora e coa redacción dos Plans Directores de Conservación.

Pedro Blanco achegou os avances destas melloras durante unha visita ás instalacións do Parador de Turismo de Vilalba, na que estivo acompañado pola subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez; a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e o director do establecemento, Antonio Graña.

Alí, o delegado avanzou que o Ministerio de Industria vén de adjudicar as obras de mellora e recuperación patrimonial dos Paradores de Baiona e Hostal dos Reis Católicos, por valor de 17,6 millóns de euros. En paralelo, o Ministerio abriu no mes de agosto a contratación das obras de mellora dos establecementos de Vilalba, San Estevo de Ribas de Sil e Ferrol, por un importe conxunto de 2 millóns de euros.

Na visita, o delegado detallou as

principais actuacións que se levarán a cabo no Parador de Vilalba, e que superan os 840.000 euros de orzamento base. Concretamente, serán traballos de rehabilitación e conservación da torre, así como melloras e renovación do alumeadado da torre e do almenado con criterios de eficacia e eficiencia enerxética.

A este investimento, o delegado engadiu a previsión de Turespaña de sumar 300.000 euros, que tamén se dedicarán a melloras da Torre do Homenaxe e que están incluídas no Plan Estratégico de Paradores 2023-2026. “Estou convencido de que estes proxectos aumentarán o potencial deste establecemento, símbolo xa de Vilalba e da Terra Cha, e reclamo turístico, cultural e gastronómico de toda a provincia de Lugo”, sinalou.

Pedro Blanco significou tamén a importancia do contrato de redacción dos Plans Directores de Conservación dos Paradores que teñen consideración de Ben de Interese Cultural, como é o caso de Vilalba. Na actualidade, e a nivel nacional, só o Hostal dos Reis Católicos conta cun documento destas características.

Estréase en liña o documental ‘Xorima’

Estreouse en liña o documental *Xorima*, peza audiovisual premiada como mellor curtametraxe da sección galega do IX Festival de Cine de Roca en 2022. Estará dispoñible a través de YouTube desta ligazón: .

O documental foi producido no seo do Proxecto Xorima, que busca homenaxear o grupo de folk a través de múltiples medios e plataformas, recuperando a súa memoria e reunindo os membros da primeira formación despois de corenta anos, coa colaboración do Instituto de Estudos Chairegos. Xorima foi un grupo revelación no nacente folk instrumental galego dos anos oitenta.

Xa está aberto o prazo de inscrición nos cursos de natación da piscina

A piscina municipal este xoves 5 de setembro o prazo de inscrición nos cursos de natación que comezarán o 1 de outubro.

Todos os interesados poderán inscribirse ata o domingo 15 de setembro na recepción da piscina. As prazas serán limitadas e repartiránse en diferentes grupos: iniciación, nivel medio, familiarización e perfeccionamento.

En primeiro lugar terase en conta a antigüidade que acumule a persoa solicitante con respecto a cursos anteriores e nos casos de empate procederá ao sorteo das prazas. Para máis información poden chamar ao 982.51.25.30, escribir ao correo usuariospiscinavilalba@clece.es ou consultar as súas dúbidas presencialmente na recepción da piscina.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

NOVEDAD

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

EN BREVE



a partir das 21.30 horas, á que seguirá unha verbena co grupo Élite. O sábado haberá oficio relixioso ás 13.00 horas con procesión e sesión vermú que estará cargo do grupo Límite, o mesmo que se ocupará da verbena xunto ao trío Mar de Caión. O domingo será a fin de festa, a cargo deste mesmo grupo, que fará unha sesión vermú prolongada despois da misa, ás 13.00 horas. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto con carpa e haberá colchonetas para os nenos.

CARBALLIDO. A parroquia festexa á Virxe dos Remedios a partir do sábado 21 coa misa ás 13.30 horas seguida de procesión. O apartado musical, baixo carpa, contará con Fuxión Latina, en sesión dobre a mediodía e á noite, e á verbena súmase Foliada de Ases. O domingo repetirase o oficio relixioso á mesma hora e a sesión vermú e a verbena estará ao cargo de JB Son.

RISCOS LABORAIS. O Sindicato Labrego Galego impartirá en Vilalba unha xornada sobre prevención de riscos laborais que terá lugar o 10 de setembro a partir das 11.00 horas. A sesión desenvolverase no local do SLG e nela falarase das novidades na cotización da Seguridade Social e as obrigas das persoas autónomas agrarias. As persoas que desexen anotarse poden facelo no teléfono 982 512 431 ou no correo vilalba@sindicatolabrego.gal.

BELESAR. Pena Redonda, en Belesar, festaxará ao Anxo da Guarda os días 28 e 29 de setembro. As celebracións arrancarán coa tradicional misa solemne, ás 13.30 horas, seguida da procesión e a sesión vermú a cargo da orquestra Pontevedra. Pola noite repetirá a orquestra xunto ao dúo Venus. O domingo haberá e novo misa e a sesión vermú de fin de festa estará a cargo de Ritmo Joven. Ademais, o domingo, desde as 13.00 horas, haberá servizo de polbo e churrasco. Haberá carpa.

ALBA. As súas festas darán comezo o venres 29 cunha liscada de balde

EXCURSIÓN. A Asociación de Veciños Santiago de Sancovade organiza unha excursión á Feira do Marisco do Grove, que terá lugar o 5 de outubro. As previsións son que a viaxe saia ás 8.00 horas da Capela de Guadalupe e volva ás 22.00 ao mesmo lugar con parada para almorzo e xantar ás 15 horas en Cambados. O prezo da excursión será de 60 euros para socios e dez euros máis para o resto. Os interesados en participar poden confirmar asistencia antes do 20 de setembro nos teléfonos 698 185 859 e 651 478 916 ou a través das redes sociais. Necesítase un mínimo de 35 persoas para a excursión.

ÁRDELLE O EIXO. O colectivo Árdelle o Eixo, de Sancovade, organiza clases de gaita e percusión, que se desenvolverán despois do verán. As clases desenvolveranse na Casa Escola Frouxeira e teñen un prezo de 15 euros para socios e de 20 para os que non o son. As inscricións poden facerse a través de Juanjo, no 615 242 841, e Lucía, no 651 478 916.

CODESIDO. As súas festas na honra á Virxe dos Remedios arrancarán o sábado 14, ás 13.30 horas cunha misa solemne seguida de procesión e sesión vermú a cargo da orquestra Alabama. Repetirá esta na verbena, na que estará acompañada polo trío Banarama. O domingo, ás 13.30 horas continuarán os oficios relixiosos para pechar as festas coa sesión vermú a cargo de novo de Banarama. O campo da festa estará cuberto con carpa.

Rematan o aparcadoiro público que pediu a veciñanza de Román

Rematan unha das obras máis agardadas por parte da veciñanza de Román. Trátase dun aparcadoiro público, de 1.970 metros cadrados de extensión, co que o Concello dará solución á situación de risco que se producía no barrio da Igrexa, cando os veciños se vían obrigados a estacionar os seus vehículos ao longo da estrada por non teren espazo suficiente para aparcadoiro nos días de máis afluencia ó Cemiterio, á Igrexa e á Casa Escola da parroquia.

Acompañado polos que serán os futuros usuarios, Renda explicou que a fórmula elixida foi subvencionar nun 100 % os 15.000 euros que custou a obra. Por isto, que agradeceu tanto á veciñanza como á entidade titular dos terreos sobre os que se asenta o aparcamento, á Asociación de Veciños Santa Eulalia de Román "a súa total e indispensable colaboración nestes meses".

O vicecalde detallou tamén varios aspectos relativos á propia actua-



ción, explicando que, ao desmonte do terreo nun espesor medio de 15 cm, lle seguiron os traballos de explanación e compactación para, finalmente, proceder a empresa adjudicataria coa subministración, estendido e compactado dunha capa de zahorra artificial de 0/25 e outros 15 cm de espesor totais.

SANCOVADE. Renda anunciou a rehabilitación total do camiño agrícola

que une os barrios da Frouxeira e Paxán, en Sancovade.

Esta actuación levaba sendo reivindicada polos veciños da parroquia dende había máis de 20 anos e o custe total desta obra ascendeu ós 22.022 euros procedentes na totalidade de fondos municipais.

Trasladou ós veciños e veciñas a súa vontade de aumentar no medio prazo a capa de rodadura da recentemente estreada vía.

Os populares defenden os 750.000 euros de investimento da Xunta

Os concelleiros do PP de Vilalba destacan os case 750.000 euros que a Xunta de Galicia destina ao Concello de Vilalba dentro de 3 subvencións.

A primeira das axudas concedidas é para o obradoiro de emprego, compartido con Abadín, e que ten un importe de 410.000 euros. A través desta axuda desenvolveranse dúas actuacións.

A primeira, a organización e dixitalización do arquivo municipal de Vilalba mentres que a segunda será o mantemento e mellora dos xardíns e zonas verdes. Ademais destinaranse outros 30.000 euros en incentivos para fomentar a con-

tratación.

A segunda das subvencións concedidas é unha axuda de máis de 193.000 euros, con cargo ao fondo de compensación ambiental da Xunta de Galicia. Con esta axuda o Concello de Vilalba contratará persoal para o acondicionamento da área recreativa da Madalena, ademais de adquirir a maquinaria necesaria para realizar estes traballos. A terceira das axudas é para o arranxo de camiños e pistas rurais nas parroquias de Alba, Belesar, Román e Rioaveso, con cargo ao plan de camiños da Xunta de Galicia e ten un importe de máis de 110.000 euros.

A Feira Indiana de Santaballa celebrarase o día 14

A Liga Santaballese celebra un ano máis a súa Feira Indiana, que este ano terá lugar o día 14 de setembro na súa XIV edición na contorna da escola habaneira.

Co programa aínda sen definir ao peche da edición, espérase que se repitan os actos principais como xogos populares e diversas exposicións e postos de venda, con especial presenza de artesáns, que tamén ofrecerán mostras en vivo do seu traballo. Outros anos tamén se celebrou un xantar popular e animación musical.

O eixe da festa será a caracterización de época polo que dende a organización lembran á veciñanza o código de vestimenta apropiado para a ocasións e piden a todos que se unan a este proxectovestidos como homes e mulleres da etapa indiana.

Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?



Finalizan as obras na rúa Conde Pallares e no estadio da Madalena

A rúa Conde Pallares de Vilalba, nun tramo de 450 metros dende a súa intersección coa Praza Suso Gayoso e a Avenida de Lugo, loce completamente renovada logo de que se deran por finalizadas as obras de rexeñeración do firme. Unha actuación con cargo ao Plan Único de Cooperación cos concellos da Deputación de Lugo que comezou co levantamento do firme existente para posteriormente proceder ao aglomerado en quente da estrada.

Así pois, os traballos finalizaranse nos vindeiros días co pintado lateral da rúa e a colocación dunha canalización de formigón. “Estamos a falar dunha rúa que soporta un alto volume de tráfico e cuxo estado resultaba perigoso para os usuarios”, explicou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, quen ademais se amosou “satisfeita pola rapidez dos traballos e pola suma de actuacións que podemos acometer grazas ao Plan Único da Deputación de Lugo”.

Nesa liña, a presente actuación súmase á rexeneración das travesías da contorna da Praza da Constitución; o aglomerado da estrada que une a Rúa Mondoñedo coa Avenida da Terra Chá; a reforma do acceso e



da cuberta do almacén do estadio municipal da Madalena; a futura renovación do pavimento da pista do pavillón polideportivo do CEIP Manuel Mato Vizoso, que se atopa en proceso de licitación e a colocación dun sistema de climatización e aire acondicionado na Escola Infantil Municipal, cuxa obra está previsto que remate a finais do mes de agosto.

Tamén finalizaron as obras de reposición da cuberta do almacén do Estadio Municipal da Madalena, unhas actuacións incluídas no Plan Único de Cooperación cos Concellos da Deputación de Lugo e cunha inversión que superou os 30.000 euros.

Os traballos completáronse coa construción dun novo espazo para

o acceso do público. En primeiro lugar, procedeuse á retirada dos elementos de cubrición actuais dun dos almacéns do Estadio Municipal da Madalena, para posteriormente repoñer a cuberta con panel sándwich, de tal forma que se melloraron as condicións de hixiene e salubridade das instalacións.

Así, o que ata agora era un almacén pasará a converterse nunha nova zona de uso deportivo que os clubs poderán empregar como ximnasio para que os xogadores e o equipo técnico desenvolvan os seus adestramentos físicos. “Estas actuacións concretamente veñen derivadas das necesidades demandadas polo Rácing”, explicou Rouco.

O 75 % das incidencias denunciadas na Línea Verde foron subsanadas

Dende a posta en funcionamento do servizo Línea Verde, a participación cidadá experimentou un crecemento exponencial, segundo explican desde o Concello.

O 75 % das incidencias recibidas foron xa solucionadas, sendo o tipo de problemática máis frecuente aquelas que fan referencia a ‘Alumeados Públicos’; (58 %). Pola súa banda, a seguinte categoría é a de ‘Beirarrúas e Estradas’ (13 %), ‘Basuras’; (5 %), ‘Parques e Xardíns’; (3 %), ‘Limpeza’ (3%) e ‘Sinalización e Semáforos’ (3 %).

Deste xeito, grazas á implicación directa da cidadanía, “puidemos levar a cabo actuacións rápidas e ter coñecemento de certas necesidades e problemáticas das que previamente non tiña constancia”, sinala o concelleiro de Servizos Municipais, Eduardo Vidal.

Para poder empregar este novo servizo é necesario proceder á descarga da aplicación Línea Verde. Para elo, o usuario accede a Google Play ou APP Store e unha vez localizada a aplicación, lévase a cabo a

descarga de forma totalmente grauíta.

A partir dese momento, o usuario selecciona o municipio sobre o que quere comunicar a incidencia e xa pode establecer contacto directo co Concello.

Para comunicar un dano, basta con picar sobre o botón ‘Nova Incidencia’, un despregable coas diferentes tipoloxías de incidencias aparece en pantalla. O usuario selecciona aquela sobre a que quere comunicar e, de forma automática, a APP detecta as coordenadas exactas nas que se sitúa o dano.

O seguinte paso é anexar unha foto da incidencia e observación sobre a mesma. Xa só queda dar ao botón de enviar. Unha vez enviada, persoal do Concello recibe notificación do dano comunicado. A partir deste intre, iníciase os trámites para dar solución á incidencia detectada. O cidadán á súa vez, recibe notificación no seu teléfono móbil sempre que se produza un cambio no estado da mesma.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

As Pontes está preparada para unha nova Cita coa Historia

O municipio das Pontes prepárase para celebrar, a mediados de mes a IX edición da Cita coa Historia, un evento organizado polo Concello, en colaboración coa asociación veciñal Lembranza da Vila. Durante os días 13, 14 e 15 de setembro as rúas do casco histórico das Pontes retrocederán no tempo para acoller distintas actividades coas que se busca afondar nos xeitos de vida na localidade durante período galaico romano. As actividades arrancarán, o venres, 13 de setembro, ás 17:00 horas coa apertura do mercado e a rúa dos oficios para dar paso a unha serie de obradoiro guiados, entre os que figuran a forxa, a cerámica, o coiro, madeira e gaita,

ademais da tradicional visita guiada ao Museo Etnográfico Monte Caxado. Rematarán a primeira xornada con pasarrúas con Nacablle e Tambukada. O sábado, ás 11:30 horas, procederase á apertura do mercado e da rúa dos oficios que sinalará o inicio dunha xornada pensada para todos os públicos e que comezará cun obradoiro de torneado e talla en madeira. Seguirán todo o día estes obradoiros de distintos oficios nun programa no que se repetirá a visita ao museo etnográfico ás 12.00 horas e ás 19.30. Á mesma hora da mañá haberá un pasarrúas a cargo do grupo Son do Sor do Barqueiro para dar paso ao

pregón, que este ano será o sábado ás 13.00 horas e estará a cargo de Juan Anllo Sebastián, actor e veciño da vila, con máis de 30 anos de traxectoria. A asociación Lucius Spiculus Divulgación achegará ao público, á orixe da gladiatura e dos gladiadores e a xornada da mañá rematará coa actuación do grupo Son das Tabernas. Xa durante a tarde, a partir das 16:00 horas, abrirase unha ludoteca infantil, asentada no antigo cemiterio da vila, onde a rapazada poderá gozar con xogos de época, xogos tradicionais e xogos xigantes. Seguirán durante a tarde todos os obradoiros, máis centrados nos



nenos, que se combinarán cos pasarrúas a cargo de Impechables e a actuación do grupo Tanto nos ten ás 22.00 horas na praza da igrexa. Pero serán No Cóbaro os que pecharán a programación do día cun pasarrúas. O domingo continuará a Cita coa Historia, a partir das 11:00 horas, coa apertura do mercado e a rúa

dos oficios e a sucesión de obradoiros, entre os que se poderá escoitar a música dos Trevillas. As actividades continuarán durante toda a tarde, con obradoiros e xogos infantís, a música de Sobraos de Bergondo para rematar cun combate ritual ás 18.15 horas como último acto, antes do peche do mercado, ás 20.00 horas.

O BNG di que os investimentos da ITX son menores na localidade

Segundo explica o BNG o Instituto de Transición Xusta (ITX), vén de informar do financiamento da construción do Polígono Industrial La Nava III Fase, en Puertollano, cunha achega de 2 millóns de euros sobre un orzamento total de 2,7 millóns; o chan industrial que se creará será de 220.000 m² e, segundo informa o propio ITX, con esta actuación Puertollano converterase na capital da nova enerxía das novas tecnoloxías. Por outra banda, tamén o ITX comunicou a inauguración dunha Residencia de Maiores no concello asturiano de Langreo, cun orzamento de 6 millóns de euros, 116 prazas, e 60 novos postos de traballo.

“Pola contra, nas Pontes, logo dunha chea de propaganda, o goberno municipal do PSOE (o mesmo partido que goberna no Estado), nin consegue chan industrial nin Residencia para Maiores; a súa prioridade son 1,5 millóns de euros para pintar unha rotopala que lle comprou a Endesa por 300.000 euros, cando a tiña regalada. Todo un éxito de xestión”, engaden. “Anda moi preocupado o alcalde en tirar tódalas instalacións de Endesa, para que esta empresa poda eludir as súas responsabilidades sociais e económicas con As Pontes; e para xustificarse pon a desculpa formal de conseguir chan industrial”, di.

EN BREVE

LANEIRA. Puntadas Con Agarimo organiza unha nova quedada laneira que chega á súa sexta sesión. Está será o domingo 15 de setembro, ás 16.00 horas na Fraga, no local do polbo. A intención é facer a sesión no exterior polo que se recomenda levar cadeira de praia.

TEATRO. O colectivo O Catre Teatro ofrecerá desde setembro un curso de teatro que estará a cargo de Agustín Bolaños. As clases estarán divididas por idades, con formación para nenos, mozos e adultos e as clases prolongarase ata o verán. As persoas que desexen participar poden poñerse en contacto co colectivo no correo ocatreteatro@

gmail.com ou nos teléfonos 655 447 887 e 620 926 849.

SLG. O Sindicato Labrego Galego impartirá nas Pontes unha xornada sobre a perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais que terá lugar o 17 de setembro de 16.00 a 19.00 horas. A sesión desenvolverase no número 8 da rúa 8 de Marzo e nela falarase das aplicacións prácticas dentro do sector agropecuario. “Para desenvolver o noso maior potencial como mulleres produtoras de alimento precisamos aplicar a perspectiva de xénero no sector agropecuario”, explica a relatora, Begoña Fernández Pardo.

Premios para os alumnos ponteses

Un total de 77 alumnos e alumnas de once centros de Primaria e Secundaria foron premiados no certame da Xunta Atréveche a ter unha idea, unha iniciativa que promove o emprendemento entre os escolares. Entre eles atópase o CEIP Plurilingüe A Fraga das Pontes, recoñecido na modalidade grupal de Primaria co proxecto A gran central espacial, unha idea que propón reaproveitar as instalacións da antiga térmica do lugar. Ademais, o IES Plurilingüe Castro da Uz obtivo o premio individual de Educación Secundaria con Túa expresión, unha iniciativa baseada nun espazo artístico multidisciplinar.

EN BOAS MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA

SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO

FISIOTERAPIA
Deportiva
Neurolóxica
Traumatolóxica
Drenaxe Linfático
E.P.I. / EPTE

TRATAMIENTOS
Accidentes de tráfico
Lesiones Deportivas
Neurológico
Traumatolóxico
Ondas de Choque
Radiofrecuencia
Game Ready
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 bajo - 27003 Lugo. 982 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com

construfer

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTOS
PABLO RABADE PAREDES

Comeza a última fase das obras de renovación do Poboado da Fraga

O Concello das Pontes deu comezo aos traballos da sexta fase das obras de mellora de pavimentos e servizos no Poboado da Fraga.

A empresa Construcciones Leonardo Miguez S.L vai ser a encargada de poñer en marcha un proxecto que conta cun orzamento total de 162.244,19€, financiado con cargo ao Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña, e que afectará principalmente á Rúa Maruja Mallo que, tras desta inversión, contará cos mesmos servizos renovados e unha estética acorde coa que xa presentan o resto de rúas da zona.

Os traballos terán unha duración de catro meses, tempo no que se farán cambios no aparcamento.

En canto ás obras, renovarase o pavimento das beirarrúas con lastras de formigón recto e a colocación de bordo nos encontros coa estrada mentres que a separación entre a beirarrúa e as zonas verdes realizárase con bordo de xardín, mantendo os criterios estruturais e estéticos das fases anteriores, e co mesmo tipo de materiais.

Estas actuacións tamén contemplan a substitución do saneamento de augas pluviais por colectores de PVC e a execución das acometidas domiciliarias. Así mesmo procederase á renovación do alumeadado público coa colocación de novos báculos e luminarias. Ademais, entre os traballos previstos, inclúese a instalación de novo mobiliario urbano, bancos e papeleiras, en toda a zona obxecto da intervención.

AVENIDA ORTIGUEIRA. Déronse por concluídas as obras da segunda fase da mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Ortigueira.

O proxecto, con orzamento de 214.886 euros con cargo á Deputación da Coruña, tivo como obxectivo



prioritario continuar mellorando a accesibilidade da rúa, eliminando o desnivel existente entre a estrada e as beirarrúas así como mellorar os servizos de iluminación e saneamento, dándolle continuidade ao proxecto de rehabilitación, humanización e mellora da accesibilidade levada a cabo polo Concello das Pontes no centro urbano.

NOVA ROTONDA. O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, acompañado polo concelleiro de Obras e Infraestruturas, Roberto Rivera, e o presidente da Asociación de Veciños de Pontoibo, Luis Ameneiro, visitou as obras de instalación dunha rotonda na intersección entre a rúa Celso Emilio Ferreiro e Meidelo, e a Avenida de Vilalba.

O cruzamento entre estes vieiros trá-

tase dun dos “puntos negros” da seguridade viaria pontesa, rexistrando varios accidentes de diversa gravidade; polo que esta obra vén a atender as demandas que os veciños e veciñas destas rúas viñan manifestando nos últimos tempos.

Segundo manifestaba o alcalde Valentín González Formoso, esta obra, que está sendo executada con cargo a fondos propios do Concello das Pontes, forma parte do compromiso adquirido polo equipo de goberno pontés cunha política de mellora de seguridade viaria e eliminación de puntos críticos existentes no termo municipal.

Coa instalación desta rotonda agárdase, por unha banda, cumprir con ese obxectivo, e tamén atender as demandas dos veciños e veciñas, mellorando tanto a súa seguridade.

Sae a licitación a obra de reforma do interior do Mercado Municipal

Sacáronse a licitación as obras de reforma do interior do Mercado Municipal, un proxecto cun orzamento de 124.499 euros con cargo á liña de axudas da Consellería de Economía. Os traballos previstos teñen como obxectivos prioritarios de unificar a imaxe exterior dos postos e do espazo común.

Así, co obxectivo racionalizar os espazos existentes, dotar ao mercado das Pontes de maior funcionalidade e atractivo, unificarase a imaxe exterior dos postos de venda coa retirada o actual friso e o revestimento dos piares integrados no frontal dos postos para a colocación dun novo azulexado e sobre os postos, crearase un novo friso, realizado en madeira, que servirá como soporte para as serigrafías dos diferentes postos, mediante letras corpóreas de aluminio lacado.

No caso da zona común, co obxectivo de mellorar a acústica e a térmica, colocárase un falso teito de panel acústico de labra de madeira onde se disporán diferentes canles para albergar novas luminarias led. A obra actuará sobre toda a franxa que abarca os aseos comúns do extremo oeste para renovar os acabados e louza dos aseos comúns existentes. Modificando a disposición das portas para adaptarse á distribución de lavabos xa existentes e recolocar o volume de aseo accesible, incluíndo a posibilidade dunha dobre transferencia e a instalación de aviso lumínico por accidente. Finalmente, no novo espazo de entrada aos aseos disporase un espazo para situar unha nova dotación de taquillas de uso común.

A demolición da central térmica arranca este mes

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, quere por poñer en valor “canto antes” os terreos nos que se sitúa a central térmica, ante os traballos de demolición previstos e que, segundo confirmou, comezarán no mes de setembro.

O alcalde tamén respondeu sobre a cheminea que, finalmente, demolerase. “É un elemento que tivo un inicio de tramitación de Ben de Interese Cultural (BIC) e, ao final, a Xunta non considerou que o fose e, por tanto, seguen os traballos previstos”, expuxo.

Neste sentido, lembrou que a licenza de demolición do complexo está concedida e recalco que a súa demanda pasa por que se poña en valor “canto antes” ese espazo “como lugar de xeración de emprego” e nunha localidade “que necesita chan industrial canto antes”.

Sobre os traballos previstos, Endesa adxudicou xa o contrato para desmantelar a central térmica, uns labores que se estiman prolónguense durante os próximos catro anos para liberar os 600.000 metros cadrados do chan industrial da planta.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo · 27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es



Morcegos de Galicia identifica seis especies

A asociación Morcegos de Galicia realizou ao longo do mes de xullo diversas accións vinculadas á colaboración con Endesa para a conservación e estudo dos morcegos na contorna das Pontes. Neste sentido levouse a cabo unha mostraxe acústica; a captura e marcaxe de morcegos, onde se identificaron seis especies de morcegos; e a revisión de refuxios. Na realización destas tarefas participaron 15 voluntarios.

Para a mostraxe acústica instaláronse tres gravadoras de ultrasóns en diferentes puntos da fraga do Lostegal, que rexistraron a actividade dos morcegos durante aproximadamente 15 días e que os responsables da asociación Morcegos de Galicia analizarán para os estudos que están a impulsar.

Ademais, instaláronse catro estacións de captura con redes de néboa os días 15, 16, 17 e 18 de xullo. Nelas capturáronse 16 exemplares de seis especies de morcegos. Tres deles foron marcados cun radiotransmisor: un exemplar de morcegos orellado dourado (*Plecotus auritus*) un de morcego de bosque (*Barbastella barbastellus*) e un de



morcego ratoneiro críptico (*Myotis crypticus*). Grazas a isto, localizouse a colonia de cría de *P. auritus* nun buraco nun carballo onde se contaron 11 adultos.

Os asistentes ao campo de traballo internacional que, organizado pola asociación Néboa, está a realizarse en Vilarbó participaron o día 18 na localización dun dos exemplares radiomarcados.

Aínda que non estaba previsto na planificación orixinal, tamén se revisaron dous refuxios no ámbito da fraga do Lostegal, nos que se atoparon exemplares de 3 especies (*Pipistrellus pipistrellus*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros*).

O Concello destinará 64.000 euros ás achegas para crear empresas

O Concello das Pontes destinará 64.000 euros ás achegas para a creación de empresas, a través dunha nova edición do programa 'As Pontes Emprende', destinado a fomentar a actividade empresarial, contribuíndo deste xeito á xeración de emprego no ámbito municipal do Concello das Pontes.

A décima edición deste programa, posta en marcha no ano 2015, ten como obxectivo prioritario fomentar a actividade económica, incentivar a creación de novos proxectos empresariais e dinamizar a pequena e media empresa e ás persoas autónomas, ofrecéndolles un apoio para que poidan afrontar o reto de establecerse como traballadores por conta propia ou o da posta en marcha dun proxecto em-

presarial.

Esta achega súmase aos 311.773 euros destinados nas edicións anteriores e que permitiron apoiar a 115 proxectos emprendedores e xerar máis dun centenar e medio de postos de traballo en sectores como o da agricultura ecolóxica, o comercio, a hostalaría, a construción, a carpintería metálica ou servizos profesionais.

Ana Pena, responsable de Industria e Emprego no Concello das Pontes, apunta que "con esta nova convocatoria, amosamos, unha vez máis, o compromiso do goberno local coa actividade emprendedora do municipio, adoptando, dentro das nosas competencias, todas as medidas oportunas para fomentar a capacidade creativa e emprende-

dora dos nosos veciños e veciñas" Así mesmo, a concelleira fixo fincapé na importancia das persoas emprendedoras na economía local: "son unha fonte de riqueza e un elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido empresarial local. Contribúen ao sostemento da economía local e son xeradores de centos de postos de traballo".

O programa 'As Pontes Emprende' contempla dúas liñas de actuación, ambas cun importe máximo de 2.000 euros. A liña Impúlsate está destinada a sufragar os gastos de alugueiro mentres que a través da liña Instálate cubriranse os gastos de inmovilizado material e inversión na adecuación de locais para a posta en marcha da actividade.

Convocado o obradoiro dual Eume nas Pontes

A Concelleira de Industria do Concello das Pontes, Ana Pena, anunciaba esta mañá a concesión das axudas para a convocatoria da cuarta edición do Obradoiro Dual de Emprego Eume, de mantemento de espazos axardinados, que se porá en marcha a partir do 2 de decembro deste 2024, e no que o Concello das Pontes participa como entidade promotora, en colaboración cos concellos da Capela e As Somozas, e a Consellería de Emprego, Comercio e Inmigración. Trátase dun programa dual de formación e emprego que ten como obxectivo mellorar a cualificación profesional das persoas beneficiarias, a través da formación e da realización de prácticas profesionais. Esta cuarta edición do obradoiro dual de emprego de mantemento de espazos axardinados ten unha dotación económica de 308.946 euros da Consellería de Emprego, Comercio e Inmigración; ademais

dunha achega de 32.000 por parte do Concello das Pontes como entidade promotora, e un aporte 4.000 do Concello da Capela e outros 4.000 do Concello das Somozas como entidades colaboradoras.

O obradoiro, que permitirá ao alumnado obter o certificado de profesionalidade, durará ata o 1 de setembro do 2025 e poderán participar nel ata un máximo de 15 alumnos.

Ana Pena, concelleira de Emprego, amosábase moi satisfeita pola concesión desta achega para a organización do obradoiro, xa que "desde o Concello das Pontes levamos xa tempo apostando por esta liña de colaboración entre administracións para poñer a disposición da veciñanza ferramentas de axuda e acompañamento especializado para que poidan desenvolver as súas competencias profesionais, e así acceder dun xeito máis favorable ao mercado laboral".

O colectivo HUME abre unha nova edición do concurso de investigación

A Asociación de Estudos Históricos e Sociais volveu convocar unha nova edición do premio Hume de investigación, a IX.

Como en anos anteriores, os temas da investigación versarán sobre aspectos históricos, artísticos, arquitectónicos, etnográficos e do patrimonio cultural do Concello das Pontes de García Rodríguez ou concellos próximos.

O prazo de presentación de traballos xa está aberto e rematará o 1 de decembro e a decisión do xurado saberase a primeiros do ano 2025.

Concederase un primeiro premio de 2.000 euros, un segundo premio de 1.000 euros e un accésit de 200 euros. Os traballos presentados, sexan premiados ou non, poderán ser publicados na revista Hume e pasarán a formar parte do fondo documental da asociación.

Os traballos deberán ser entregados nun sobre pechado baixo pseudónimo.

IRMANDAMENTO



A concelleira de Cultura, Lorena Tenreiro, participou na viaxe da Irmandade As Pontes Lesneven que este ano levou aos nosos veciños e veciñas ata as terras bretoas. Encontros institucionais, visita á Cidade das Telecomunicacións, paseos pola costa de granito rosa, xogos olímpicos na praia de Guiseny, paseos en bicicleta, sendeirismo por Île-de-Batz, paseos por lugares que nos recordan a nosa casa, tardes de praia, picnics en familia, xogos, verbenas bretoas foron algunhas das actividades que desenvolveron durante sete días intensos, convivindo coa veciñanza de Lesneven.

ATABERNA

T: 982 510 061

facebook/ataberna.vilalba

info@atabernavilalba.com

www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO
Y SABOREA
HAMBURGUESAS
PASTAS
ALCO
NUESTRA CARTA
BACIONES
ALCO
PICAR
SABOREAR
TORTILLAS
RAXO PATATAS
COMPARTIR TAPAS

Asesoría Enerxética
Terra Chá



CONTRATAÇÃO - RECLAMAÇÕES
SUBVENCIÓNS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓN FOTVOLTAICAS

Tel.: 669 761 869 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

550 proxectos foron asesorados nos polos de emprendemento

Xa son máis de 550 proxectos, en diferentes etapas de desenvolvemento, os que se levan atendido a través dos cinco Polos que están abertos actualmente na provincia de Lugo: Friol, Mondoñedo, Sarria, A Fonsagrada e Monforte de Lemos. Ademais, a través desta Rede -unha iniciativa na que se presta asesoramento individualizado e gratuito a calquera persoa que queira emprender un negocio ou consolidar o que xa ten- os técnicos e asesores de Lugo xa realizaron 1.460 titorías, tanto en liña como presenciais, coas persoas emprendedoras, das cales un 57% son mulleres.

Canto aos sectores predominantes en Lugo, destaca a hostalaría (22%), seguido do comercio (12%) e da agricultura, gandaría, silvicultura e pesca (11%). Entre os proxectos atendidos, tamén figuran máis dunha trintena específicos de remuda, xa que a Rede de polos ofrece tamén un acompañamento para asesorar, axilizar e facilitar os procesos de transmisión



de negocios en funcionamento establecidos no territorio galego para garantir a súa continuidade e evitar o peche por falta de persoas emprendedoras que os manteñan. O programa permite, deste xeito, poñer en contacto a aqueles que venden ou alugan a súa empresa, con persoas interesadas en facerse cargo dela, apostando así por un proxecto empresarial consolidado e viable e reducindo os riscos da posta en marcha dun novo nego-

cio. Ademais, a Xunta ofrece axudas a través do Bono remuda, unha convocatoria aberta ata o 30 de outubro e dotada con 1,5 millóns de euros.

Ademais, o dinamismo dos polos de Lugo -no seu papel fundamental como vertebradores do territorio- reflíctese nas máis de 270 actividades que levan organizado, entre reunións con entidades do territorio, accións de formación e eventos.

San Paio de Narla estrea un proxecto que afonda na historia do edificio

O Museo de San Paio de Narla reconfigúrase como un espazo dedicado a afondar nas vidas e acontecementos dos que foi escenario ao longo da historia cun novo proxecto museolóxico titulado *Soterradas, vidas e historias na busca dun contexto de xustiza social*, que intervén o percorrido visitable do museo con instalacións que recuperan episodios acontecidos no edificio e noutras fortificacións das terras e comarcas de Lugo.

Un dos elementos centrais da renovación é unha instalación cunha liña do tempo que repasa a historia da edificación, desde o primitivo Castelo medieval derruído ata a contemporaneidade. Afondan no contexto histórico un panel sobre a incidencia da Gran Revolta Irmandiña na construción do edificio e outras instalacións que chaman a atención da persoa visitante sobre os alxuves ou picotas, onde os señores executaban e infrinxían casti-

gos aos seus vasallos, e as cámaras de tiro desde as que se defendían as fortalezas.

Ademais do contexto histórico e evolución arquitectónica do edificio, a nova museografía visibiliza as biografías das señoras de Narla e sinala o coleccionismo e os gabinetes de curiosidades da nobreza como orixe dos museos. As instalacións e paneis informativos inclúen códigos QR para acceder a documentos históricos ou dramatizacións en relación cos feitos narrados, contido xerado a partir do traballo de documentación e investigación coordinado por Simón Vicente.

A xerente, Encarna Lago, explicou que "o que fixemos con este proxecto é hackear o propio museo: baleirallo dun contido que non era propio (etnográfico) para enchelo do contido que nos proporcionan a historia da fortaleza en paralelo a doutras fortificacións das comarcas de Lugo".

Escolas Deportivas Municipais

Curso 2024 / 2025

Apúntate! "Deporte igual a Saúde"

INSCRIPCIÓNS A PARTIR DO LUNS 9 DE SETEMBRO

AS ACTIVIDADES COMEZARÁN NO MES DE OUTUBRO

ACTIVIDADES:

- Fútbol sala
- Ximnasia rítmica
- Patinaxe
- Tenis de mesa
- Ximnasia para adultos
- Actividades aeróbicas
- Zumba infantil
- Atletismo e campo a través
- Pádel
- Tiro con arco
- Pilates
- Ioga



COLABORAN:

ORGANIZA:



concello de GUITIRIZ



A Deputación provincial aproba un investimento en dotacións de Friol

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo vén de aprobar este venres un investimento de máis de 372.000 euros para mellorar a mobilidade e a seguridade no conxunto das estradas da provincia. Así o informou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, tras a reunión semanal celebrada esta mañá no Pazo de San Marcos.

En Friol foron adxudicados os traballos para acondicionar un tramo de máis de dous quilómetros da LU-P-2104, por un

importe de máis de 62.000 euros, á empresa Cholo SL. As obras, que afectarán ao treito comprendido entre o inicio da vía e o punto quilométrico 2,7, consistirán na apertura de cunetas, reparación dos danos e repavimentación. O prazo de execución será de dous meses desde o inicio das obras.

“Esta é unha actuación importante para o concello de Friol porque esta estrada vertebrada parroquia de Xiá, conectando Portadornas e Lameiro”, valorou o Deputado.



A tradicional andaina adiántase ao día 21

O Concello de Friol organiza, en colaboración co CPI Doutor López Suárez, como ven facendo dende hai anos, a andaina popular na que poden participar todas as persoas que estean interesadas e que terá lugar o sábado 21 de setembro.

En edicións anteriores participaron dende bebés ata persoas de idade avanzada, familias completas, grupos de amigos, persoas en solitario, etc.

Poden apuntarse ata o martes 17

de setembro, nas oficinas do Concello ou na circular que se enviou dende o centro educativo.

A saída será dende a Casa do Concello ás 11:00 horas.

Será unha mañá diferente á rutina de todos os días, na que poden participar todos e todas aqueles que lles apeteza, e na que desfrutarán da paisaxe do municipio, da compañía doutros camiñantes e de diferentes visitas que se farán durante este paseo.

Comezan as obras da estrada entre Lugo e Palas de Rei

A Deputación de Lugo iniciou a finais de agosto, as obras de acondicionamento na estrada provincial LU-P-2901, que conecta a capital da provincia polo Burgo con Palas de Rei. Con un investimento de preto de 200.000 euros, a institución acometerá importantes traballos de acondicionamento en case 3 quilómetros desta vía, ao seu paso polos concellos de Guntín, Friol e Palas de Rei.

As obras inclúen a reapertura

de cunetas, a pavimentación con aglomerado en quente e a renovación da sinalización viaria.

Concretamente esta institución provincial actuará, no tramo comprendido entre os quilómetros 18,4 e 21,3, e ten un prazo de execución de 2 meses. Unhas obras que completarán as actuacións de acondicionamento desta vía pola institución, quedando así renovada na súa totalidade cun investimento que

supera o millón de euros. A Deputación actuou recentemente entre os puntos quilométricos 3,340 e 5,400; entre os puntos 5,500 e 13,100; e entre os quilómetros 21,370 e o 25,000.

A renovación total da vía beneficiará a moitos veciños e veciñas xa que esta estrada vertebrada a comunicación dos concellos de Lugo e Palas de Rei. Ademais, é unha vía moi empregada polos peregrinos por situarse ao pé do Camiño de Santiago.

EN BREVE

ROIMIL. A comisión de festas de Roimi organiza o sábado 21 unha cea baile no local social do Campo da Feira. A actividade terá un prezo de 20 euros, na que se incluíra unha cea e actuación musical para amenizar a noite. Para asistir é preciso anotarse antes o 17 de setembro.

MAIORES. O Concello organiza unha excursión para o desfrute dos maiores o día 12 de setembro. A viaxe comeza diante da casa do Concello ás 8:30 para visitar as zonas de Caión, Malpica, Cambre e Ares. A totalidade dos custes e a organización da viaxe son con cargo a fondos do Concello. Para anotarse é necesario facelo antes do venres 5 de setembro.

CURSO. O Concello de Friol, a través de Afammer (Asociación de Familias e Mulleres do Medio Rural) convoca un curso gratuito sobre Técnicas de Estudo, dirixido a mulleres maiores de 18 anos, que se levará a cabo o 13 de setembro en horario de 16.00 a 22.00 horas no centro sociocultural.

PAELLA. A Asociación Cultural de San Martiño de Condes, en Friol, celebrará o sábado 7 de setembro o Día do Socio cunha gran paella. Esta reunión terá lugar ás 21.30 horas no local social de Condes cun aforo máximo de 160 persoas. Os socios poderán participar de balde e para os non socios a cota é de 15 euros.

Está aberta a inscrición para o servizo de Madrugadores deste ano



O Concello de Friol continúa co seu programa de conciliación da vida familiar e laboral dos habitantes do seu pobo, e para iso levará a cabo o próximo curso unha nova edición do servizo de Madrugadores, do que se poderán aproveitar as familias con alumnos e alumnas matriculados no CPI Doutor López Suárez de Friol.

Este servizo estará en funcionamento durante todo o curso 2024-2025, dende as 7.45 ata as 9.45, que é cando xa comeza a xornada escolar. Levarase a cabo dentro do recinto escolar, e haberá persoal suficiente encargado de atender as necesidades dos usuarios, polo que as familias poden deixas os nenos

ou nenas cando o necesiten e xa irían para a clase correspondente cando comece o horario lectivo do centro, ás 9.45.

Con este programa, o Concello de Friol segue apostando por dar servizos de calidade ás familias do municipio, e tamén ás que decidan vir vivir ao pobo e matricular aos seus fillos e fillas no centro escolar público de Friol.

O Servizo de Madrugadores será subvencionado polo Concello, tendo que pagar cada persoa interesada en facer uso do mesmo a cantidade de 80 euros por todo o curso escolar. Pode realizarse a inscrición nas oficinas do Concello de Friol, ou a través do correo electrónico..

SANDRA CARBALLEIRA

MASAJES • TRATAMIENTOS CORPORALES
MANICURAS Y PEDICURAS

Móvil: 633 803 001

A Lareira
Taberna Galega
Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vialba, Lugo
Tel.: 982 512 842

a oposición fala

Friol

Ana María Pardo Lourenzo é a única concelleira da Corporación que non está no Goberno local



Dos once concelleiros que forman a corporación no Concello de Friol, Ana María Pardo Lourenzo é a única representante de esquerdas e tamén a única concelleira que non forma parte do equipo de goberno. “Persoalmente non me gusta definirme como oposición porque creo que o meu papel como concelleira non é opoñerme, senón achegar todo o que poida para que este Concello mellore. É certo que moitas veces me toca o papel de fiscalizador das políticas e accións do goberno local, cuestionando decisións, esixindo transparencia e garantindo que as voces máis críticas tamén poidan ser escoitadas e consideradas en todas as etapas do proceso político. Pero tamén é a miña responsabilidade presentar propostas e alternativas construtivas, para intentar conseguir o mellor desenvolvemento e ben-

tar para toda a xente de Friol”. Así define o seu difícil papel Ana María que considera imprescindible marcar o seu papel “de vixilancia activa e propositiva. Debemos estar atentos ás necesidades e preocupacións dos cidadáns, actuando como os seus portavoces e traballando para propoñer solucións que promovan o progreso e a xustiza social”. Defensora dun “diálogo aberto e construtivo co goberno local, colaborando sempre que sexa posible en prol do interese público”, afirma que traballa en “estreita colaboración” cos membros do meu partido a nivel local, pero tamén cos compañeiros a nivel provincial e autonómico, para desenvolver políticas e programas que realmente melloren a calidade de vida no noso pobo”. Para iso aposta por planificar a longo prazo. Defende os traballos realizados na localidade polos gobernos socialistas, “como as únicas vivendas sociais que hai en Friol, promovidas pola Xunta de Emilio Pérez Touriño e a Deputación de Lugo leva investido preto de 3 millóns de euros nos últimos anos para mellorar os servizos públicos e en crear emprego. Tamén lembra o investimento socialista no Plan Único, o servizo de Axuda no Fogar, o financiamento a entidades culturais e deportivas locais, as infraestruturas en parroquias, a posta en marcha do GES, “sen esquecer as

actuacións que se están a levar a na actualidade para dotar de Internet de alta velocidade con fibra óptica”.

CONCELLEIRA. Do seu papel como concelleira di que “esixe unha grande dedicación e, ás veces, implica sacrificios significativos. Isto pode incluír longas horas de traballo, a miúdo máis aló do horario normal, menos tempo dispoñible para a miña vida profesional, familiar e para actividades persoais, e a necesidade de lidar con presións políticas e públicas.

Pero para ela se compensa “con poder contribuír ao benestar da comunidade e tamén aprenderlle co exemplo aos meus fillos, e a quen queira velo, que loitar polos principios e valores nos que se creen fan que os sacrificios pagan a pen”.

A nivel económico explica que “por este ano de concelleira, levo ingresados 705.60 euros (algo menos de 60 ao mes), polo que se pode dicir que, en termos de compensación financeira, os membros da oposición dispoñemos duns recursos, cando menos, desafiantes e que non son o motivo para investir o tempo e esforzo dedicados ao cargo”.

VOLTA A CASA. Ana María Pardo é unha friolesa que levaba moitos anos vivindo fóra pero que o confinamento a pillou na vila e decidiu quedar. Afirma que leva interesada na política dende sempre xa que o seu pai, Eulogio o practicante, foi un dos fundadores e varias veces voceiro deste PSDG-PSOE de Friol. “Podería lerse en clave de relevo xeracional pero por convicción propia, non por tradición familiar”, afirma.

“Non é un segredo que ao PSDG-PSOE en Friol non pasa polo seu mellor momento, pero cando me propuxeron encabezar esta candidatura só puxen unha condición: contar co apoio dos socialistas de Friol, e non podo máis que agradecer que ese apoio que foi maioritario”, engade. Entre os obxectivos políticos de Ana María Pardo está o fortalecemento dos servizos públicos; o apoio ao emprendemento local; a promoción da participación cidadá e o desenvolvemento comunitario; o desenvolvemento económico sostible; a preservación do noso patrimonio cultural e ambiental; e investimentos en comunicacións e infraestruturas sustentables, promovendo a eficiencia enerxética e as enerxías renovables. “Queremos construír un Friol onde todos teñan voz e onde a colaboración comunitaria sexa a clave do noso progreso”, conclúe.

DATOS

HABITANTES: 3.616
PARROQUIAS: 32
EXTENSIÓN: 295 km cadrados
PARTIDO XUDICIAL: Mondoñedo
CORPORACIÓN: 10 concelleiros do PP e 1 do PSOE
PARTIDO XUDICIAL: Lugo
ALCALDE: José Ángel Santos (Partido Popular)



CAFÉ-BAR
TORRE LAVEGA
 DESDE 1964

*Xa estamos
 de volta*

**Calde de Galicia, Vilalba**

Casa / Chalet pareado | 4 Dorm | 1 Baño | 135m² 125.000€

En Vilalba (Lugo), situada entre el centro y la zona escolar, se vende vivienda unifamiliar, para reformar, de 135 metros cuadrados. La casa tiene varias dependencias repartidas en dos plantas. A mayores, en la parte de atrás tiene un terreno edificable de unos 200 metros, que tienen salida a la calle Nueva.

Pedrido, Vilalba

Casa rural | 4 Dorm | 1 Baño | 162m² 125.000€

En el lugar de Pedrido, parroquia de Oleiros, municipio de Vilalba (Lugo) se vende vivienda unifamiliar independiente y aislada, de planta baja y piso. La planta de abajo esta preparada para vivir y la de arriba solo está dividida en cuatro dependencias; pero están sin terminar. La casa dispone de pozo y está dentro de una finca que tiene una superficie algo superior a una hectarea de terreno.

Cidade de Viveiro 1, Vilalba

Local | 278m² 85.000€

En Vilalba (Lugo), se vende entreplanta de 133 metros cuadrados útiles, dividida en varias estancias y con dos aseos instalados. Está acondicionado como academia. Dispone de calefacción de gas ciudad y es muy luminoso ya que tiene muchas ventanas a la calle, al ser un local en esquina. Esta situado al comienzo de la calle Ciudad de Viveiro, cerca del Mercadona.

Plaza Coronel Pena, Vilalba

Casa / Chalet independiente | 10 Dorm | 2 Baños | 369m² 239.000€

Casa antigua blasonada, de piedra, con balconada, en el casco histórico de Vilalba (al lado de la plaza de Santa María y del Parador de Turismo), de 369,10 metros construidos, con fachada a la c) Concepción Arenal y jardín contiguo a la misma de 74 metros (cerrado con verja), que da a la Plaza del Coronel Pena. La parte destinada a vivienda de la casa ha sido reformada recientemente. Consta de dos salones, uno de ellos con chimenea, ocho habitaciones, 2 cuartos de baño, cocina, desván y amplio sótano. La casa se encuentra en el camino de Santiago, reuniendo las condiciones para montar algún negocio de hostelería y restauración.

Alcalde Fraga Bello 30, Vilalba

Local | 278m² 89.000€

Además del bajo, tiene un entresuelo de 103 metros.

Campelos, Vilalba

Finca rústica | 7 Dorm | 2 Baños | 380m² 350.000€

En la parroquia de Carballido, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda rústica, de unos 380 metros cuadrados, repartidos en dos plantas y bajo cubierta. En la planta baja está la cocina, la sala, un baño y el garaje; en la planta primera, hay siete habitaciones y un baño y el bajocubierta tiene unos 80 metros cuadrados corridos. A mayores, en la finca hay un alpendre de unos 86 metros cuadrados y un horreo.

Camino Praia Fluvial, Vilalba

Terreno / Urbano (solar) | 1.900m² 36.000€

Solar para edificar vivienda unifamiliar.

Calle Plácido Peña 3, Vilalba

Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 107m² 107.000€

En pleno centro de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños, cocina, armarios empotrados. La vivienda tiene calefacción de gas natural, preinstalación de aspiración centralizada y dispone de una plaza de garaje amplia en el sótano del mismo edificio, de un trastero y de ascensor.

Campo de Ponte, Vilalba

Edificio de uso mixto | 563m² 120.000€

En Vilalba (Lugo), en la salida hacia el polígono se vende edificio en placa, compuesto por planta baja, tres pisos y bajo cubierta. Se vende así, para que termine la construcción el comprador.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
 Comunidades - Penal**

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)

Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)

Tfños.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Guitiriz celebra o Día da Bici o domingo 8

O Concello de Guitiriz comezará o mes de setembro da mellor maneira: facendo deporte. Este domingo, 8 de setembro, celebrarase o Día da Bici, un evento no que se anima a participar tanto a maiores como aos máis pequenos.

Os participantes están citados ás 10 horas na nave do Sempa, xunto ás piscinas de pádel para facer unha ruta pola contorna do Balneario de Guitiriz, Parga e a Ruta da Auga. Haberá dúas opcións, unha longa, de 20 quilómetros, e outra curta, de 9.

Despois habrá diversos xogos



coa bici e máis sorpresas. A inscrición ao Día da Bici, poderá facerse de xeito gratuito, especificando se se vai a ruta curta ou longa, a través do Concello de Guitiriz ou nas redes sociais dos Btteiros Cova da Serpe.

Habilitan o pago de recibos en liña na web

O Concello habilitou un apartado de pago de recibos en liña na páxina web municipal. Este servizo está dispoñible desde o apartado principal da web do Concello, xusto ao lado do acceso á sede electrónica. A través desta pestana poderanse pagar vía web os recibos do Concello que conteñan un código de barras, como o do lixo ou o do vao permanente.

O seu funcionamento é moi sinxe-

lo. Unha vez se preme no apartado de 'Pago en liña' ábrese unha pestana da plataforma do banco onde arriba, no primeiro nivel, xa aparece o apartado para escribir o código de barras. Este código de barras sitúase na parte inferior dereita dos recibos. Unha vez introducido, basta con engadir os datos bancarios solicitados e premer no botón de continuar, procedéndose deste xeito ao pago en liña.

Renovado o acordo co centro deportivo D10

O Concello de Guitiriz renovou o acordo co centro deportivo D10 de Outeiro de Rei para o curso 2024-2025. A través deste acordo todas as persoas empadroadas no Concello terán importantes descontos nas actividades ofrecidas no centro deportivo durante o vindeiro curso, como por exemplo na natación.

As inscricións nas diferentes actividades poden facerse no propio centro deportivo. Unha vez realizada a inscrición, é preciso achegarse ao Concello para facilitar os datos persoais para que os servizos municipais

poidan acreditarlle ao centro deportivo D10 que os apuntados están empadroados para poder realizar o correspondente desconto nas actividades.

Por outra banda, este curso non haberá grupos preestablecidos, polo que cada solicitante poderá pedir o horario que mellor se adapte as súas necesidades. Posteriormente, será o centro o que informe se hai praza dispoñible ou non no horario solicitado. Pódese solicitar máis información no Concello ou chamando ao teléfono 982 37 01 09.

Destinan 16.000 euros ás liñas de axudas a escolares este curso

O Concello de Guitiriz destina un orzamento de 16.000 euros para financiar as diferentes liñas de axudas para a compra de material, transporte e redución da fenda dixital dirixidas a escolares para o curso 2024-2025.

Está convocatoria establece como beneficiarias ás familias empadroadas no Concello de Guitiriz que teñan menores ao seu cargo matriculados en centros públicos de Educación Infantil (2ª Etapa, de 3 a 5 anos), BAC, ESO e matriculados en ciclos formativos ou universitarios.

O prazo para presentar as solicitudes estará aberto ata o 30 de setembro. A documentación e as bases cos requisitos de participación poden obterse na páxina web municipal www.concellodeguitiriz.com ou de xeito presencial nas oficinas de Servizos Sociais Municipais ou no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz

En total preséntanse catro liñas de axudas. A primeira é a liña de axudas ao material escolar, dirixida ao alumnado de educación infantil (2ª etapa de 3 a 5 anos) e bacharelato (residentes en Guitiriz matriculados en



centros municipais ou de fóra), que ten por obxectivo cubrir as necesidades de material didáctico, librería e/ou reprografía e os dispositivos adaptados a nenos e nenas con necesidades educativas especiais.

A segunda está orientada para os rapaces e rapazas universitarios, estudantes de F.P. Básico ou que cursen ciclos formativos, cunha liña de axudas para financiar as súas necesidades de desprazamento, tanto ao lugar onde realizan a formación como de transporte interurbano se fose o caso.

Por último, e co obxectivo de salvar a fenda dixital existente no rural, habilitanse dúas liñas. Por unha banda, axudas para a mellora da conexión dixital, para que o alumnado de 5ª e 6ª de primaria e o da ESO poida

acceder a contratos de liñas WIFI, de subministro de datos ou doutros dispositivos existentes no mercado. Pola outra, para a adquisición de dispositivos tecnolóxicos (ordenadores, portátiles ou tabletas), dirixida ao alumnado de 4ª de ESO e bacharelato empadroado en Guitiriz, independentemente de que curse estudos en centros fóra do municipio.

Estas liñas de axuda son incompatibles entre elas, é dicir, cada estudante só poderá optar a unha delas. O obxectivo final destas axudas é favorecer a integración sociolaboral de pais e nais nos titores/acollidos, apoiando á unidade familiar que, por carecer de recursos económicos, pode asumir o custo do servizo baixo a competencia atribuída aos concellos.

Estas axudas enmárcanse dentro da Liña 3 "Cooperación, solidariedade e desenvolvemento humano" do Plan Estratégico de Subvencións do Concello de Guitiriz. As axudas irán destinadas ás familias, tendo en conta o poder adquisitivo do concello e serán compatibles con calquera outra que reciban polo mesmo concepto.

Todo preparado para celebrar os días 6 e 7 deste mes o Parga Rock

Fiel á súa cita coa música rockeira, Parga reunirá este ano oito grupos de música no PargaRock, o festival de balde que abre a programación de setembro nesta vila de Guitiriz.

O primeiro venres e sábado de setembro volverán sonar as guitarras e a música rock da man de grupos de recoñecido prestixio.

A organización xa ten lista a programación, que arrancará cos pasatabernas ás 20.00 horas seguido do concerto de Demenzia Sozial, neste caso, ás 22.30 horas. Esa mesma noite de venres actuará Cowboys From Jam á medianoite e pechará a xornada DJ Sonora Balkumbiera.

O sábado volverá a sesión vermú, que estará cargo de Lelly Kellys, ás 14.00 horas para dar inicio ao III aberto de billarda, que se desenvolverá no CIT. Haberá, de novo, un es-



pazo os máis pequenos dentro da + programación. Os encargados de tal mester serán este ano Trécola Produccións, que presentarán un espectáculo titulado Títeres Subversivos, ás 18.30 horas.

Abrirá quenda de concertos Liviao de Marrao, ás 20.30 horas, aos que seguirán Twisted Rose, ás 21.45 ho-

ras; Ángelus Apatrida, ás 23.20; The Wizards, ás 1.25, para pechar con Metallijam a partir das 2.45 horas. O tempo intermedio entre concertos estará animado por DJ Sonora Balkumbiera.

A organización confirmou que haberá zona de acampada libre para as dúas noites do festival.

gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Villalba (Lugo)
Telf. 982516550

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS
CHAIREGOS
SERVICIOS VETERINARIOS
R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103
URXENCIAS
24 HORAS

Guitiriz estrea a súa escola infantil

O concello de Guitiriz xa conta con Escola Infantil Municipal, unha infraestrutura moderna que permite dar resposta á actual demanda de prazas que non podía cubrirse coas instalacións do antigo Punto de Atención á Infancia (PAI). A alcaldesa, Marisol Morandeira, e outras concelleiras e concelleiros do goberno local visitaron as novas instalacións, que permiten aumentar a capacidade de 20 a 35 prazas, distribuídas en dúas unidades, unha de 20 nenos e nenas de 2-3 anos e outra de 15 nenos e nenas de 0-3 anos, resolvendo así o déficit existente para ese tramo de idade e eliminando as listas de agarda.

A día de hoxe hai 30 nenos e nenas matriculados en total e está previsto que ao longo da próxima semana poidan estrear as novas instalacións, que xa están completamente equipadas. Marisol Morandeira indicou

que “esta é unha moi boa nova para Guitiriz e un proxecto importantísimo” xa que “era urxente que puidésemos contar con máis prazas porque a demanda era superior á nosa capacidade”.

“Actuacións deste tipo contribúen a que a xente poida seguir vivindo nos municipios máis rurais e este é un dos principais obxectivos que desde o grupo de goberno queremos conseguir a través das nosas políticas”, afirmou. A rexedora quixo lembrar que “finalmente tivemos que acometer esta gran obra sen o total da axuda comprometida no ano 2019 por parte da conselleira de Política Social, Fabiola García”. “A aportación que fixo a

Xunta é moitísimo menor ao que se nos prometera no seu momento, por iso nos decidimos a completar a obra con fondos propios”, precisou. O proxecto de transformación



do PAI en Escola Infantil, xa rematado, contou cun orzamento total de 367.780,25 euros e estivo sufragado con fondos municipais, cunha subvención de 92.780,25 euros canalizada a través dos fondos Next Generation da Unión Europea e cunha axuda da Xunta de 45.000 euros.

A actuación levada a cabo permitiu crear un novo edificio, anexo ao que era o do antigo PAI, que conta cunha estética moderna, ademais de estar dotado de espazos amplos e luminosos. Neste módulo sitúase a entrada principal, á que se accede por unha pasarela accesible, dúas

grandes aulas, dous aseos de nenas e nenos e a zona de descanso para os máis pequenos.

O antigo edificio do PAI, que está comunicado directamente co novo volume, alberga a cociña, o comedor, un aseo adaptado, os vestiarios, a sala de usos múltiples e o despacho de dirección. Nesta zona os traballos centráronse en actuar sobre a envolvente para mellorar a súa eficiencia enerxética. Así, executouse un illamento exterior en fachada e substituíuse o material de cuberta por outro que proporciona un maior illamento.

A ITV móbil está este mes no municipio

A unidade móbil de inspección técnica de turismos estará do 25 ao 30 de setembro no Concello de Guitiriz, para atender a todos os veciños do termo municipal. A atención ao público será entre as 9.00 e as 13.30 horas e de 15:15 a 18:00, agás os días 27 e 30, que será só de mañá.

A unidade estará situada no polígono industrial de Guitiriz.

Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com.

A de inspeccións de vehículos agrícolas estará ata o 18 de setembro no polígono industrial de Guitiriz os días 2 e 3, no campo da festa de Trasparga do 4 ao 6, no de Pígaro do 9 ao 11 e detrás do cemiterio de Buriz entre o 12 e o 18. As revisións faranse co mesmo horario, agás o 6, 13 e 18, que será só pola mañá.

A biblioteca celebra unha actividade de fomento da lectura

A biblioteca acolle o venres 6 de setembro a actividade Iguais e diferentes para a dinamización da lectura entre a xente xove. Terá lugar na Casa Habanera ás 11:30 horas e está destinada a un público infantil.

Trátase dun novidoso espectáculo cociñado con maxia, contos e moitas outras sorpresas acompañadas de grandes doses de concienciación, sorrisos e unhas pinguiñas de amor. Ao remate, os asistentes cociñarán en equipo un pastel de forma máxica que poderán saborear.

É unha actividade encadrada no proxecto Ler Conta Moito na que a rapazada gozará da lectura, sendo os contos, a maxia e os xogos os fíos condutores. O espectáculo sérvese destes tres factores para poñer énfase na toma de conciencia de que somos iguais.

Detectan un foco de EHE nunha granxa local

A Xunta notificou ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) a detección de nove novos focos de Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE). Trátase de dous focos localizados nas comarcas veterinarias de Chantada e Terra Chá-Guitiriz, na provincia de Lugo; dous focos nas comarcas veterinarias de Allariz e O Carballiño, na provincia de Ourense; e cinco focos nas comarcas veterinarias de A Paradanta, Deza, O Condado, Pontevedra-O Morrazo e Tabeirós Terra de Mon-

tes, os primeiros declarados na provincia de Pontevedra en 2024. Con esta declaración, Galicia ten notificados focos en 24 comarcas veterinarias neste novo período estacional 2024: 12 na provincia de Ourense, sete na de Lugo (Chantada, A Fonsagrada, Lugo, Os Ancares, Sarria, Terra Cha-Guitiriz e Terra de Lemos-Quiroga), e os cinco de Pontevedra. Así, o número de explotacións positivas confirmadas sitúase en 524 e os animais positivos son 1.130.

O Curro Vello festexa o Ecce Homo o venres 13

O Curro Vello de Guitiriz celebra esta fin de semana a Festa do Ecce Homo, unha sesión que dará comezo o venres 13 ás 21.00 horas coa tirada de fogos para anunciar o comezo das festas. A continuación terá lugar o reparto de liscos e chourizos gratis no bar Porto.

Ás 22.00 horas será a quenda da música, comezando polo cuarteto A Illa Pancha e rematando coa verbena co dúo La Hora Bruja e Discomóvil Chocolate.

O sábado 14, ás 11.30 horas abrirán a programación co pasarrúas a cargo

de Bloquiño de Xermolos.

Ás 13.00 horas haberá misa solemne e procesión na Capela do Ecce Homo para continuar coa actuación de novo de Bloquiño de Xermolos. Despois da gran tirada de fogos seguirá a tradicional sesión vermú a cargo do dúo Mecánica.

Durante a tarde terá lugar a tradicional carreira de carretillas e a festa da escuma, a cargo de Brincadeiras, a partir das 17.00 horas.

A verbena de fin de festa, volverá actuar o mesmo día e tamén estará o grupo Ache.



¡Marela!

Axudas para a Promoción e Potenciación de Reprodutoras de Raza Rubia Galega

DEPUTACIÓN DE LUGO  Rural
VICEPRESIDENCIA



O Concello limpou todos os contedores de lixo

O Concello procedeu á limpeza de contedores do lixo do termo municipal. O equipo de limpeza estivo traballando arduamente para asegurar que todos os contedores de lixo estean en perfectas condicións. Un dos obxectivos desta medida é o mantemento en áreas verdes. "Asegurámonos de que os contedores nas áreas verdes tamén reciban unha limpeza completa, mantendo así os nosos espazos

públicos limpos e seguros para todos", explican. Ademais, procédese ao coidado nas rúas, xa que levouse a cabo a limpeza exhaustiva dos contedores nas rúas do municipio, garantindo a hixiene e salubridade en todas as áreas urbanas. "O noso compromiso é manter unha contorna limpa e saudable para todos", di o alcalde, Francisco Balado. O obxectivo é manter estas tarefas de forma regular.

Concentracións da veciñanza en materia de educación e sanidade

Preto dun cento de persoas manifestáronse polas rúas de Castro Ribeiras de Lea, saíndo do CEIP Veleiro Docampo, nunha convocatoria realizada pola ANPA da escola. Alén das familias, acudiron tamén integrantes do profesorado e equipo directivo da escola, en apoio ás reivindicacións das familias.

As familias piden que se cumpra a legalidade, e que se doten as escolas co profesorado necesario para atender as necesidades básicas de funcionamento; critican que onde máis se está a recortar é nas escolas rurais. Quéixanse de que a Consellería acabará por facer "parches" de última hora en setembro, para simular que cumpre coas demandas, impedindo que os centros poidan organizar o curso debidamente, e aforrando o pago de vacacións ao profesorado substituto.

SERGAS. A veciñanza das parroquias afectadas polo peche do consultorio



de Castro de Rei volveuse concentrar convocado polo BNG.

O consultorio de Castro de Rei leva todo o verán pechado e a veciñanza das parroquias afectadas teñen que desprazarse ata Castro Ribeiras de Lea para ter atención médica. "A veciñanza das parroquias afectadas xa están cansas de que o PP os ignore, o servizo médico precisase durante todo o ano", declarou Olga García.

No último pleno, o BNG de Castro

de Rei presentou unha moción para instar ao alcalde a que se posicionara de lado da veciñanza e esixise á Xunta de Galicia a apertura deste centro, esta moción ía acompañada de 200 sinaturas recollidas polas parroquias afectadas. "O grupo municipal do PP votou en contra desta moción, está claro de parte de quen esta o Sr. Balado e a súa equipa", informa a concelleira nacionalista. Ademais, a Xunta comunicou que o peche ampliarase ata o 1 de outubro.

Chegan as festas de Ponte de Outeiro e a Feira do Cabalo

Ponte de Outeiro celebrará as súas festas a partir do venres 6, ás 22.00 horas, con petiscos veciñais, antes dunha verbena, da que se encargará Discomovil Eventec.

O sábado 7, ás 13.30 horas, haberá misa solemne e procesión con Asubíos da Chaira. O grupo Fénix será o encargado de amenizar a sesión vermú deixando a verbena para as orquestras Capitol e Marbella.

Así mesmo, o domingo repetirase a misa ás 14.00 horas e o apartado

musical estará dirixido pola orquestra D'Noche en dobre sesión.

Ademais, a Feira do Cabalo volve outro ano máis ao mercado gandeiro o sábado 7 de setembro a partir das 8.00 horas. Haberá probas equinas e a xornada incluírá música e postos de venda con artigos de equitación, artesanía e os típicos de feira. Tamén haberá postos de comida con polbo e churrasco e actividades para nenos. O Concello vai entregar un agasallo aos que vaian a cabalo á feira.

As análises recomendan non consumir auga da traída nas parroquias

O Concello de Castro de Rei alerta á poboación de que se detectaron problemas na calidade da auga da traída municipal, que afecta ás parroquias de Pacios, Outeiro, Bazar, Coea, Quintela, Bendia, Matodoso, Triabá, San Xiao de Mos, Ribeiras de Lea, Castro de Ribeiras de Lea, Dua-

rría, Loentia e Mondriz.

Debido a isto, o Concello recomenda que non se consuma a auga da traída para beber nin cocíñar durante un período inicial. Esta medida é preventiva ata que se subsanen os problemas detectados nas análises realizadas na ETAP de



Quintela.

Segundo indican os incumprimentos paramétricos na calidade da auga foron detectados polas autoridades sanitarias, seguindo o requirimento da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de Lugo.

XXXIX ENCONTRO
INTERNACIONAL
DE TORNEIROS DA MADEIRA

20, 21 e 22
SETEMBRO 2024
XERMADE • LUGO

[+ INFO]
encontrodetorneiros.org

HELEN BAILEY
GÉRONIME
PEDRO CLAVERO
LOLO CASTRO



O PP culpa a Tomé da paralización da rehabilitación de San Rafael

Dende o Concello de Castro de Rei lamentan que o Ministerio non poida facerse coa propiedade do edificio do antigo Hospital Psiquiátrico, así como dunha porción de terreo anexa ás construcións, “porque nós sempre defendemos a rehabilitación do edificio (con independencia dos usos aos que fose destinado), peticións que fixemos, tanto dende o Concello como dende o Grupo Provincial do PP na Deputación ó longo destes anos”.

“Dende o Concello sabemos que o único responsable de que o Goberno non poida adquirir a propiedade do edificio e dos terreos, é a propia Deputación, que durante estes últimos anos non se preocupou de regulari-

zar a situación da parcela na que se asenta o edificio, na que actualmente coexisten varios usos mixturados e confundidos: gandeiros e sociosanitarios. A Granxa Experimental de Vacún de Leite, feita en colaboración coa USC, está practicamente pegada ao edificio do Psiquiátrico, de xeito que os dous usos (gandeiro e sociosanitario) coexisten na mesma leira”, din.

“Para poder segregarse unha porción de terreo na que se inclúa o edificio e a súa posterior cesión ao ministerio, é necesario que o propietario tramite un Plan Especial de Dotacións, tal e como se lle explicou á Deputación hai máis dun ano por parte dos Servizos Técnicos e Xurídicos do Conce-

llo, pero a Deputación neste tempo non presentou nada, nin sequer un Anteproxecto”, engaden.

Asegura o alcalde que aínda así o edificio pode rehabilitarse como tal para os fins previstos polo Ministerio, sendo suficiente con presentar un proxecto de rehabilitación no Concello, pola vía do artigo 40 da Lei do Sólido de Galicia (LSG), podendo obter licenza de obra en tres meses, “pero aquí ninguén presentou nada, ni a Deputación, nin o Ministerio”.

“Dende o Concello nunca puxemos trabas ás pretensións da Deputación, ademais nunca nos solicitaron nada. Aínda a Día de hoxe estamos en disposición de conceder licenza se a solicitan, pero insistimos



en que durante este ano e medio (dende que anunciaron a noticia da cesión), non presentaron ningunha solicitude de licenza, nin de obra, nin de segregación da parcela a través da figura urbanística correspondente”, afirma.

Pola súa banda, desde a Deputación explicaron que o alcalde de Castro de Rei fixo estas declaracións agora

porque “sabía que era o culpable, pois el é o único responsable de que este proxecto non vaia adiante e se poida perder este importante investimento. Por iso mente cando di que dende a Deputación non remitiu ningún papel ao Concello, cando non é así e é moi fácil de demostrar porque temos a documentación coas datas nas que entraron no Rexistro”.

Regresa a finais do mes a Festa dos Ovos rotos á vila de Ribeiras de Lea

A Asociación de veciños de Ribeiras do Lea celebrará o 28 de setembro a segunda Festa dos Ovos Rotos con Chourizo e Feira de Artesanía nesta localidade de Castro de Rei. Continúa deste xeito cunha celebración que se iniciou o pasado ano cun gran éxito e que este promete mellorarse. A organización aínda non dispón do programa pero agárdase que volve a celebrarse o xantar popular ademais dunha feira de artesanía co seu taller, xogos e música tradicionais, un pregón e sesión vermú. O obxectivo é volver colleitar o éxito do ano pasado.



Remata a obra de mellora dos accesos a núcleos de Viladonga

A Consellería do Medio Rural investiu 48.200 euros no acondicionamento dos accesos a varios núcleos de poboación da parroquia de Viladonga, no municipio de Castro de Rei, a través das achegas do Plan de Infraestruturas Rurais (PIR).

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobou xunto co alcalde, Francisco Balado, o resultado dos traballos executados na estrada que parte da N-640 e discorre por Casela, Rúa de Arriba e a igrexa e o camposanto de Santiago de Viladonga, e tamén en dous ramais que conducen a vivendas e garaxes e a unha vía municipal.

Acondiciónáronse en total preto de 1,4 quilómetros de vía; 925 metros corresponden á estrada principal, onde se renovou por completo o



firme con dobre rego asfáltico previa regularización do terreo e o ensanche dalgúns puntos. Aplicouse unha capa de reforzo da plataforma nas curvas existentes entre os puntos quilométricos 0,300 e 0,500, para permitir o paso de vehículos con maior radio de xiro. Así mesmo, pro-

cedeuse á limpeza ou reapertura das cunetas para evitar a acumulación de augas de escorrentía, pintáronse as marcas viarias e instalouse a sinalización horizontal necesaria. Ademais, acometeuse o reforzo e rexeneración do firme dos ramais, de 300 e 150 metros de lonxitude.

<p>SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA</p> <p>NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES</p> 	<p>TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO</p> <p>CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS</p> 	<p>TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS</p> <p>JOHN DEERE eni CEPSA BCS PETRONAS BZ TIMKEN</p>	<p>TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS</p>  <p>Milwaukee Nothing but HEAVY DUTY.</p>	<p>RYS SESACAR</p> <p>RECAMBIOS Y SUMINISTROS</p> <p>Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com</p>
---	--	--	---	--

Requeijo defende os dereitos dos alumnos no conflito coa ANPA

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, reafirmou o compromiso do seu goberno e do BNG cos estudantes de Muras, e coa ANPA, máis non entende as declaracións públicas desta sobre un expediente de auditoría dos convenios, “nos que queda en entredito a xestión das axudas na entidade”. O alcalde non quere pensar que se estea a facer un uso partidista da asociación de nais e pais dos alumnos, “porque os intereses do alumnado debe estar por enriba de calquera outra cuestión”. Fai estas declaracións despois de que a ANPA acusase ao Concello ante a Valedora do Pobo.

O equipo de goberno manifestou que “en abril deste ano, dende a secretaría-intervención realizouse unha auditoría dos convenios dos últimos anos asinados coa ANPA, de oficio e de acordo coas funcións de control que eles teñen encomendado, e de acordo co establecido na normativa de subvencións” e despois de solicitarlle os rexistros contables, e a documentación acreditativa, o informe conclúe que “existen discrepancias entre a documentación presentada como conta xustificativa do convenio asinado co Concello de Muras e a declaración xurada presentada pola presidenta da entidade no que acredita que non existen ingresos nin públicos nin privados para a mesma actividade”.

Á vista do informe, Requeijo indica que a entidade obtivo ingresos

para financiar as actividades subvencionadas polo Concello, e non se declararon, nin ao principio da solicitude, nin na xustificación da mesma, polo que, segundo o informe “pode que se falsearan ou ocultaran as cantidades percibidas, o que puidera implicar o reintegro da subvención”.

Requeijo declarou que “este informe o ten a ANPA, e o que corresponde agora non é resolvelo xa como eles piden, senón abrir un expediente de reintegro da subvención, no que a entidade terá que asumir o que está no informe, ou alegar o que consideren oportuno, e despois diso, resolverase e poderanse facer os recursos que consideren”.

O rexedor de Muras considera que “estes expedientes son regradados, nos que non hai interferencias políticas, e cada quen ten que asumir o seu papel. Se na ANPA non fixeron as cousas ben, segundo o que pon no informe, pois terán que asumir as consecuencias, pero non porque o diga eu, senón porque así o di a norma”.

Por último, Requeijo sinalou que “as axudas ás entidades tumbounas a oposición no pleno, polo que polo de pronto non hai subvencións para ninguén. Como é posible que me esixan dar unha axuda, os mesmos que impiden que se aproben estas nos plenos? non quero pensar que se estea a realizar un uso partidista de entidades como a ANPA”.

Regresa a Feira do Poldro o 22

Muras contará o 22 de setembro coa XXXVI edición da Feira do Poldro e do Gando do Monte, considerada Festa de Interese Turístico Galego xa que, ano tras ano, xera un importante movemento de animais e de ganderías, con exemplares, criadores e criadoras que proceden de diferentes puntos de Galicia, para participar tanto na compra e na venda, como nos certames e actividades incluídas na programación da feira.

Esta seguirá a liña de anos anteriores abrindo as súas portas ás 10.00 horas para comezar coa cualificación do gando de cara ao concurso morfolóxico organizado por Puraga. Outra das actividades clásicas que



repite é a escultura con motoserra, un dos eventos máis demandados e que ofrece tamén a posibilidade de contar cun recordo físico da celebración. Este ano está prevista a talla dun tratante.

Despois do concurso está previsto un desfile de montura tradicional e cabalos engalanados, unha actividade novidosa coa que se pretende recuperar un anaco máis da cultura tradicional. Completa o programa matinal unha demostración de serradura e degustación de hamburguesas.

Non faltarán as carreiras, que se desenvolverán pola tarde, xunto ao bautismo hípico, inchables e a animación musical. Despois do éxito acadado na Romaxe Artesá da Chaira, tamén poderá visitarse ese día a mostra de fotografías elaborada por Mayra Pumariño coas lembranzas dos veciños. Pechará a xornada coa entrega de premios.

O Concello inicia os traballos de rehabilitación en tres escolas rurais

O Concello de Muras arranca este luns tres obras dentro do plan de actuación que se levará a cabo cos cartos do Fondo de Compensación Ambiental durante o presente ano e que teñen un orzamento total de 506.083 euros.

Así, iníciase as obras no rural, como a mellora de dúas escolas rurais. Na do Viveiro realizarán unha reforma cun orzamento de 59.073 euros e na de Silán de 38.258 euros. Nos dous casos trátase de accións de mellora da eficiencia enerxética con renovación de fiestras, cerramentos e pintado.

A escola do Viveiro é un edificio de propiedade municipal destinada a usos múltiples para os veciños, así como para a celebración de actividades do Concello. É un edificio dun andar de planta rectangular e cuberta de lousa a dúas augas. As carpinterías son de aluminio de cor vermello sen rotura térmica e con persianas aloxadas en caixón de madeira. Cambiarán as ventás, de tipo corredizo, por outras de RPT, así como o cambio da fontanería interior. Rematarán co pintado e selado de fendas das fachadas.

A de Silán, situada no lugar de Rubaiño, construída no ano 1940. é un centro social de reunión de veciños, unha vez que foi pechada a escola unitaria. As actuacións pasan tamén pola renovación integral de portas



e fiestras e a execución dun zócalo perimetral dun metro de altura para paliar os problemas de humidade. Tamén se fará o pintado das estancias. Actuarase tamén na escola de Irixoa de forma, na que investirán 166.517 euros. Trátase dunha pequena edificación illada nunha parcela de propiedade municipal. Recentemente instalouse na mesma un punto limpo, utilizando una nave existente, polo que comparte acceso con este. O uso orixinal do edificio era o de escola, empregada nos últimos anos como local social e atópase nestes intres sen uso algún, dado o seu mal estado de conservación. A construción da antiga escola data do ano 1922, ao igual que outras moitas existentes na comarca, pola sociedade benefactora Vivero y su comarca, constituída por emigrantes galegos en Cuba co fin de contribuír á mellora da alfabetización na súa

terra natal.

De cara a recuperar a habitabilidade do edificio e a mellora da súa eficiencia enerxética, farase a renovación completa da envolvente exterior do edificio, mediante a instalación de carpinterías metálicas dotadas de rotura de ponte térmica e dobre acristalamento con cámara de aire, e o illamento do conxunto da envolvente polo interior, executando un trasdosado de cartón xeso con illamento de la de roca incorporado no peche de fachada, unha soleira de formigón elevada, ventilada, e illada termicamente no chan, e un falso teito de cartón xeso á altura do existente, incorporando igualmente illamento térmico.

As obras teñen un prazo de execución de dous meses e o Concello deu aviso de que mentres duren as obras non se poderán utilizar os locais para facer reunións nin actividades.

ebos
Obradoiro Doce

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
Tlf 982 523 649 – 982 523 601
619 41 53 56 – 650 61 12 60

ALÉN



CONCELLO DE ABADÍN

Xuntanza de Maires 2024

O pasado sábado 17 de agosto, tivemos o pracer de celebrar unha xornada especial no Pavillón Municipal de Deportes de Abadín. A asistencia foi masiva e o ambiente inmillorable!

Os nosos veciños máis lonxevos: **Celia Vázquez Fernández de Moncelos**, con 101 anos e **Darío Rodríguez Xesto de Vilarente**, con 94 anos recibiron unha merecida homenaxe por parte do Concello, que lles entregou un obsequio como recoñecemento á súa vitalidade e aos moitos anos que compartiron connosco.



meira

Abre o prazo para solicitar o servizo de conciliación para o vindeiro curso

En vista do éxito do ano anterior, o colexio de Meira conta de novo cun servizo de conciliación familiar neste curso 2024-2025, para aquelas familias que o necesiten antes da entrada do colexio ou á saída.

O Concello, sabendo a importancia que ten a conciliación, dispuxo este servizo de forma gratuíta para as familias dos colexios e, para iso, contou coa axuda da dirección do centro e da propia asociación de pais.

O horario será polas mañás, de 7.30 a 9.10 horas e polas tardes, de 14.45 a 17.30 horas e poden asistir todos os rapaces dende 4º de infantil ata 6º de primaria.



As persoas que desexen información poden solicitala no teléfono 629 302 039 e a inscrición debe realizarse na casa da cultura en horario de 9.30 a 13.30 e de 14.30 a 18.00 horas.

Celébrase a xuntanza de maiores o día 6

A localidade de Meira continúa cunha nova edición da súa Xuntanza de Maiores, que este ano se celebrará o venres 6 de setembro. A xornada consistirá nunha misa solemne na Igrexa de Santa María de Meira, a partir das 13.00 horas, seguida dun xantar e baile no pavillón dos deportes da localidade. Como en anos anteriores, recibirán un agasallo o home e a muller de máis idade do termo municipal. Esta xuntanza está organizada polo Concello de Meira e require de inscrición previa. O último día



para anotarse nas oficinas municipais será o día 3. As invitacións deberán levarse o día da festa.

Queixas da veciñanza polo estado dos depósitos e da depuradora

A veciñanza de Rábade fixo público o seu malestar polo estado no que se atopa a parcela municipal onde están situados os depósitos de auga e a depuradora do servizo de abastecemento de auga.

Ademais do "estado de desleixo e abandono" no que se atopa o lugar, coa maleza sen cortar, lixo e falta de coidado, os veciños afirman que non hai valado, polo que calquera veciño pode acceder ao lugar ao estar totalmente aberta.

Consideran imprescindible que se



faga un valado para evitar "posibles manipulacións ou sabotaxes"

e que se adecúe a zona.

Por outra banda, o Concello de Rábade vén de dar comezo ás obras de urbanización e renovación dos servizos na avenida dos Remedios. Os traballos, que contan cun orzamento de 76.596 euros, están financiados con cargo ao Plan Único de Cooperación cos Concellos da Deputación.

Está previsto que a actuación, moi necesaria polo tránsito da vía e o mal estado que presentaba, estea rematada a finais do mes de setembro.

Haberá un decantador na estación de tratamento de auga

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, e a alcaldesa de Rábade, Remedios González, mantiveron recentemente unha reunión na que avaliaron o proxecto para instalar un decantador de auga na estación de tratamento de auga potable (ETAP) da localidade. Nesa liña, a alcaldesa trasladoulle á conselleira a memoria valorada deste proxecto municipal, que será avaliada por Augas de Galicia de cara a establecer posibles vías de colaboración entre as dúas administracións.

A maiores, tamén analizaron a posibilidade de cooperar para levar a cabo as obras necesarias para mellorar o servizo de saneamento á contorna da avenida de Vilalba.

Homenaxe ao párroco de San Vicenzo

A veciñanza de Rábade fará unha homenaxe ao párroco de San Vicenzo, coñecido como Don Francisco, polos 40 anos de servizo e con motivo da súa xubilación. A reunión terá lugar o 15 de setembro e consistirá nunha misa ás 12.00 horas e unha comida no Coto Real a partir das 14.00 horas. As persoas que desexen participar poden recoller as súas invitacións no centro de saúde e no concello. Teñen un prezo de 50 euros.

ESBATUXADA



Rábade celebrou a XXII edición da Esbatuxada, o descenso de embarcacións de fabricación caseira polo Miño. Anotáronse un total de 8 batuxos, entre a categoría de adultos e infantil, a maior participación dos últimos anos. Os gañadores, que levan 650 euros repartidos en catro premios, foron Viaxe á lúa e Mollados coma pitos na categoría infantil e A Catacumba e Os amigos na categoría adultos.

A Xunta autoriza unha nova casa niño rural

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a resolución de concesión das axudas para a creación de casas niño no rural. A Xunta de Galicia autorizou seis novas, cun orzamento de 560.000 euros, nos concellos de Baleira (Lugo), Padrenda (Ourense), Rábade (Lugo), Pedrafita do Cebreiro (Lugo), Paderne (A Coruña) e Entrimo (Ourense).

Isto correspóndese con 30 novas prazas 100% gratuítas para nenos de 0 a 3 anos que viven en núcleos

de poboación sen escola infantil. No caso dos concellos de Baleira, Padrenda e Pedrafita do Cebreiro é a primeira vez que se conceden axudas para a posta en marcha deste servizo. En total, supérase o cento de casas niño en toda Galicia. Esta convocatoria presenta como novidade unha axuda complementaria de 150 euros semanais para a persoa encargada dunha casa niño mentres estea de permiso por maternidade ou paternidade.

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

HUSQVARTNA Bosch y Jorda CARLOS

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



Rábade, anos de espera para volver gozar do Cine Man

O proxecto da reforma causa polémica, ademais de polos retrasos, pola nova distribución, que contempla os baños colocados detrás do escenario

Lucía Blanco

Moitos son os edificios con historia que, malia o paso dos anos e as posibles reformas que sofren, quedan no imaxinario colectivo para sempre. Rábade ten a sorte de poder conservar un dos locais que mellor garda a esencia da vila. No antigo Cine Man naceron os recordos cinematográficos de moitos veciños, que lembran como alí viviron as súas primeiras sesións de cine, entre eles José María Prado, director da Filmoteca Española do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

O edificio, situado na rúa Ángel Pena, moi preto da Casa Consistorial, abriu as súas portas no ano 1945 e contou con 415 prazas e pratea ata os anos 70. Con clásicos da época como *Dónde vas*, *Alfonso XIII* de Luis César Amadori ou *Pierrot le fou* de Jean-Luc Godard así como cos filmes de Cantiflas, Buster Keaton ou as cintas dos anos dourados de Hollywood, as súas butacas —ou cadeiras en función do abarrotado que estivera— foron o berce do amor pola sétima arte para moitos. Tempo despois, convertido na famosa sala de festas Agarimo, conseguiu atraer público de todos os puntos da comunidade e abarrotar durante as fins de semana un espazo modesto, pero que se posicionou como un dos mellores negocios de salas de baile de Galicia ata os anos 80, logrando competir na época dourada das macro discotecas.

A partir deste momento deu cabida a varios proxectos de pouco éxito

e curta duración ata o seu peche definitivo. “Levaba moitos anos en desuso. A xente dunha idade si que recorda cando foi sala de festas, porque a etapa na que funcionou coma cine xa é máis antiga. Pero si que se lembra coma un inmoble cunha historia importante en Rábade e para os rabadenses”, conta a alcaldesa, Remedios González. Pero para poñer en marcha o inmoble, que é propiedade do Concello dende o 2019, aínda queda.

“Estaba moi deteriorado, tiña uns anexos ao lado que tivemos que derrubar, por exemplo, pero vai tomando camiño”. Nesa tarefa contaron coa axuda dos irmáns Coira que estiveron informándolles “un pouco de que era o que necesitaba unha sala de cine, son moi coñecedores do tema entón pedímoslle axuda nese aspecto e asesoráronos”. Finalmente, inaugurarán unha nova etapa como sala de exposicións. “Vai máis cara iso que cara un centro sociocultural. Si que se van a realizar moitas actividades culturais pero queríámolo enfocar máis cara ese lado”.

DISTRIBUCIÓN. Pero á espera de ver por fin rematado un proxecto que se foi dilatando no tempo, o seu uso e os cambios non convencen de todo. “Despois de ver os planos, fixémoslle unha proposta co Concello e falamos coa asociación Fillos da Chaira. O que fan tira máis cara un espazo multifuncional que moitas veces significa que non vai a funcionar ben para nada en concreto”, explica

Carlos Coira, fundador da compañía Pinconús Teatro. Asegura que se promove un inmoble no que “nalgún momento se pode realizar algunha actividade de teatro ou música, pero con moi poucos asentos porque están pensados para meter debaixo do escenario”. Un escenario que, ademais, está moi alto, o que implica “ter que separarse moito e non se ven unha obra de teatro e ademais é pequeno, duns 15 metros cadrados”. Nel tampouco se contempla colocar iluminación. “Cando en realidade é moi doado tal e como está a obra poñer unhas barras onde colocar uns focos, pero iso hai que facelo no proxecto e non é así porque non está pensado para iso”. Outra das cuestionables decisións en canto á distribución son os baños públicos. “Tenos detrás do escenario, claramente creo que debería ir un camerino que é o sitio natural. Deste xeito, tes que pasar por detrás do escenario para ir a eles e hai luces que se acenden automaticamente nun lugar no que deberías ter escuridade total. Poderíase facer un escenario máis grande, unha grada, deixar a pantalla de cine tal e os baños na entrada”.

Pensan que con ese esforzo económico, “tendo en conta á xente que fai realmente teatro ou cine” e dándolle unha volta lograrían unha sala para cine, teatro e música cun aforo dunhas 150 persoas que para Rábade “estaría fantástico” e onde se podería facer moito máis que tal e como está contemplado. “É unha mágoa que un cine e un espazo así



que podería ser un teatro de mediano tamaño marabilloso non se pensase”, di Carlos. A inauguración do proxecto, que conserva moitos elementos característicos da construción orixinal como o lenzo da parte traseira, segue a estar en dúbida.

ACCESIBILIDADE. Nos últimos meses, os traballos centráronse na parte eléctrica e tamén na accesibilidade do cine, aínda que a súa recuperación remóntase 5 anos atrás coa compra do edificio por parte do Concello que quería darlle unha vida útil e evitar a súa desaparición. Pretendían dotalo dunha función municipal, proxecto para o que pediron a colaboración dos veciños co obxectivo de reunir toda a información sobre un dos edificios máis representativos do municipio. No 2021 adxudicouse unha primeira fase coa mellora da cuberta e con-

torna e a adecuación da sala para usos múltiples. Dous anos despois sacaban a licitación a última fase. “No último tempo e despois da pandemia subiu tanto o prezo dos materiais que a primeira convocatoria estivo baleira, ninguén se presentou porque non podían facer fronte a eses gastos. Despois volvémosla licitar con algunha modificación e agora xa a colleu unha empresa”, engade a rexedora.

Case a metade da partida das inversións do orzamento aprobado neste 2024 destínase a súa reforma. Concretamente son 480.000 euros que proveñen de fondos europeos cos que se pretende avanzar nas instalacións. Isto supón un avance, recalca González, pero non vai a ser suficiente para lograr a súa pronta apertura, unha apertura que se prevía para finais do verán ou do outono do 2023, segundo sinalaba o anterior rexedor.

Debuxo realizado por: Cristian Prieto Gómez

XXXVI
Feira do Poldro
e do gando do monte
.....
Festa de interese turístico galego

22 2024
setembro
.....
A Gañidoira MURAS

MURAS CONCELLO
RURAL
XUNTA DE GALICIA
galicia //ABANCA

Os populares denuncian as fochancas das vías LU-P-3906 e LU-P-3907

O portavoz provincial do PP, Antonio Ameijide, e o alcalde, José Pardo, atenderon as queixas de veciños e veciñas afectados polas fochancas das vías LU-P-3906 e LU-P-3907 que incluso sinalizaron para velos e poder esquivalos. Este estado de "total abandono" nas vías provinciais contrasta co bo estado que presenta, por exemplo, a parte da primeira estrada que é municipal.

Ameijide pregúntase se non lle dará vergoña ao presidente da Deputación Provincial, José Tomé, a diferenza que se aprecia na comparación entre o estado das vías municipais que o Concello mantén en bo estado fronte ao estado intransitable das estradas que con competencia da Deputación de Lugo no municipio".

Pardo subliña que "a Deputación

de Lugo, con gobernos do PSOE e BNG, non fixo nin un asfaltado integral nas vías do municipio de Outeiro de Rei. Fai anos que non se renovan as estradas da Deputación no noso concello". Os populares súmanse ás reivindicacións dos veciños polo estado "intransitable e perigoso" destas vías que discorren, entre outras, polas parroquias de Mosteiro e San Fiz de Paz.

Ameijide lembra que "estas vías comunican varios núcleos e tamén serven de acceso á prisión de Bonxe e a un ximnasio polo que son estradas moi concorridas. Precisamente ese volume de tráfico incrementa o seu desgaste e, nas condicións nas que se atopan actualmente, supoñen un importante perigo para condutores, vehículos e veciños da zona".

Comeza a construción da esperada glorieta da N-6 no cruce do pobo

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, supervisou as obras da nova glorieta que se está a construír na intersección do km 513,670 da N-6, no Concello de Outeiro de Rei.

Así, visitou a zona acompañada polo alcalde, José Pardo Lomba, destacando esta actuación que suporá a mellora da seguridade viaria, financiada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana cun custo de 405.485,86 euros.

A subdelegada explicou que "a intervención consiste na transformación en glorieta da actual intersección en 'T' da estrada N-6 coa estrada autonómica LU-115, o que mellorará a súa funcionalidade ao resolver os importantes movementos de xiro que alí se realizan".

Nesta liña, defendeu o traballo "dun Goberno que está a resolver progresivamente os problemas dos



concellos da provincia, aportando solucións en materia de infraestruturas e reducindo os perigos nas estradas".

A glorieta incrementará polo tanto a seguridade viaria da zona, facilitando todos os movementos e permitindo reducir a velocidade media do tráfico ao seu paso pola travesía

de Outeiro de Rei, dispoñendo ademais de novos cruces peonís seguros nos tres accesos á mesma.

Ademais, contémplese a reposición de itinerarios peonís, paradas de autobús, elementos de drenaxe, sinalización, iluminación e outros servizos que resulten afectados polas obras da glorieta.

O PP solicita a nulidade dos acordos do pleno de xullo

Os concelleiros do Grupo Municipal do PP de Pol veñen de presentar no Concello un recurso de potestativo de reposición para pedir a nulidade da convocatoria, celebración e acordos tomados no pleno extraordinario celebrado o pasado 24 de xullo.

A voceira popular, Nicole Grueira, explica que "vémonos na obriga" de tomar esta medida "cansos de ver como o alcalde se salta todas as normas e obrigas legais" xa que "este pleno non se convocou nin se celebrou coa antelación legal marcada pola lei".

Cómpre recordar que a lexislación vixente establece un prazo de 48 horas para a convocatoria dun pleno extraordinario, reducindo o prazo a 24 horas no caso dun pleno extraordinario e urgente. Neste caso, o pleno extraordinario convocouse en torno ás 12:00 horas do 23 de xullo, celebrándose ás 09:00 horas do día 24 de xullo. "Queda claro que non se cumpriron os trámites legais establecidos", denunciou.

Neste pleno o equipo de goberno aprobou en solitario a modificación dos estatutos da Fundación Terras de Pol, un acordo que "entendemos non é legal por non cumprirse cos trámites legais establecidos".

EN BREVE



FESTA AO EMIGRANTE. A carballeira de Mosteiro acolleu unha nova edición da Festa do Emigrante, un encontro co que o Concello homenaxea aos veciños e veciñas que marcharon na busca dun futuro mellor. Centos de persoas reuníronse para esta celebración que é xa un referente e que ten como eixo o descubrimento dunha placa ao Emigrante, da man do pegoiro desta edición, o mestre José Antonio Fernández López, da parroquia de Silva.



LEÑA VERDE. Leña Verde celebrou os seus trinta anos de actividade. Un xantar popular deu comezo a unha tarde de música con actuacións do grupo de música tradicional portuguesa da Asociación Cultural de Chafé, de Viana do Castelo, de Uxía e do grupo de Pol, que compartiu co público o legado emocional e musical de tres décadas de traballo na formación e difusión da música e do baile tradicional.

pol

A Deputación investirá en completar as instalacións deportivas de Mosteiro



A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou este venres investir 230.000 euros en Pol para completar as instalacións deportivas de Mosteiro. Así o informou a Voceira socialista, Pilar García Porto, quen lembrou que con esta nova achega a institución provincial leva xa investidos preto de 1 millón de euros para dotar a este municipio dunha gran área de lecer e deportiva cun campo de fútbol de herba natural e un área de xogos.

"Un importante compromiso que adquirimos para que este espazo se converta nun eixo dinamizador social e económico da localidade que favoreza o asentamento de po-

boación no rural", explicou García Porto.

Detallou a Deputada que gracias a este novo investimento poderán levarse a cabo diferentes actuacións importantes para completar unhas instalacións deportivas de primeiro nivel. Neste sentido a institución provincial investirá algo máis de 47.080,27 euros para os cerramentos do polideportivo, 43.757,79 á mellora da drenaxe perimetral na pista e mellorar as gradas do campo de fútbol, achegando 45.265,10 para o seu equipamento, 46.529,17 para pinturas e revestimentos e outros 46.029,69 euros para un sistema de climatización.

O pleno aprobou o regulamento das piscinas e o orzamento anual

O Concello de Outeiro de Rei celebrou un pleno de carácter extraordinario con motivo de discutir os expedientes 859/2024 e 856/2024. O primeiro expediente responde á aprobación do regulamento oficial das piscinas municipais de Outeiro de Rei, que foron inauguradas o pasado venres 2 de agosto. A normativa á que están suxeitas as piscinas recolle puntos diversos, como as tarifas, explotación do bar, ou convenios con distintas empresas de aloxamento do concello para que os hóspedes poidan usar as piscinas con descontos. O regulamento foi aprobado con normalidade con 10 votos a favor e 2 en contra.

O segundo expediente corresponde coa aprobación do orzamento xeral do Concello, que recolle distintas cuestións, como o presuposto, masa salarial, aprobación de persoal, etc. O presuposto do Concello de Outeiro de Rei sitúase este ano arredor dos 9.300.000 euros, co cal continúa a crecer respecto ao ano anterior, ao igual que a poboación.

Dende o equipo de goberno afirman que seguirán cun proxecto político constante, que é o que leva a Outeiro de Rei a ser un dos concellos con máis desenvolvemento de toda Galicia. Seguirase apostando pola inversión en novas infraestruturas públicas que melloren a calidade de vida dos cidadáns e tamén supoñan crecemento económico, así como novos postos de traballo. O orzamento aprobouse con 9 votos a favor e 3 en contra.

PSOE. A voceira do PSdeG en Outeiro de Rei, Carmen Acacio, vo-



NOVAS PISCINAS
Abriron as novas piscinas municipais no mes de agosto. As obras incluíron a instalación de dúas piscinas -unha de uso infantil e outra para adultos-, unha zona destinada a aseos, vestiarios e enfermaría, un edificio polivalente para unha cafetería con espazo para almacén, cociña e baños, así como un centro de BTT cunha zona de taller, unha área exterior de lavado e aseos.

to en contra dos orzamentos no pleno extraordinario convocado polo alcalde da localidade porque as contas “chegan tarde e son un copia e pega dos anos anteriores, polo que non son operativas nin eficaces para a veciñanza”.

Reprochou Acacio ao rexedor que convoque un pleno extraordinario “a correr” no mes de agosto para aprobar unhas contas do ano en curso, demostrando “a nula planificación” do Concello. “É un orzamento que, segundo sexan superados todos os trámites administrativos para a súa entrada en vigor, nacerá morto porque o exercicio 2024 está a piques de rematar”, valorou.

“É unha mágoa constatar no informe de Intervención o incum-

primento da regra de gasto”, lamentou a socialista, que explicou que o Concello estará obrigado á reelaboración dun plan económico financeiro con medidas correctoras.

Engadiu Acacio que “pasaremos a ter as contas tuteladas pola mala xestión dos recursos do Concello”. Durante a sesión municipal, Carmen Acacio detallou que os orzamentos, ademais, están “inflados”.

Puxo como exemplo a partida de 1.519.858,54 euros consignada ao Plan da Palloza, “que se sucede ano tras ano, pero que non se executa”. Censurou que o alcalde prometa aos veciños cousas que non vai cumprir, como as obras urbanización ou das augas fecais.

Entregan o 8 as navallas de Manuel María

A Irmandade Manuel María e a asociación cultural Xermolos concedenlle este ano a Navalla de Manuel María ao músico e rexedor de Sober, Luis Fernández Guitián, e, a título póstumo, á activista sociocultural María Xosé Neira Maseda, falecida en febreiro deste mesmo ano no acto Memoria da Chaira Enteira. A distinción a Fernández Guitián vénlle concedida pola súa actividade cultural e pola súa amizade con Manuel María.

Os actos de entrega desta distinción faranse no acto de lembranza ao poeta chairago que terá lugar o 8 de setembro, aniversario do seu pasamento, en Outeiro de Rei.

Haberá un xantar xunto ao río Ladra, seguido ás 17 horas dun recital en Penas de Rodas, outro acto no cemiterio de Outeiro de Rei ás 18:00 horas e rito compartido ce-



lebrando a amizade e o compromiso dos homenaxeados en Santa Isabel. O economista Manuel Rajo López será o encargado de disertar sobre Luis Fernández Guitián e a mestra Sabela Núñez Singala achegará a traxectoria de María Xosé Neira Maseda.

Xunta e Concello avanza no proxecto da EDAR

Xunta e Concello seguen avanzando no proxecto para construír unha nova estación depuradora de augas residuais no municipio para mellorar o servizo que se presta á veciñanza. Así, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, comunicoulle ao alcalde que está previsto que Augas de Galicia adxudique nas vindeiras semanas o contrato para o servizo de redacción do proxecto construtivo da nova EDAR, cun orzamento inicial estima-

do de máis de 240.000 euros. Cómpre indicar que ese contrato inclúe tamén a mellora dos colectores xerais co obxectivo de dar solución ao problema das infiltracións de augas limpas na rede de saneamento. Segundo subliñou Ángeles Vázquez, a Xunta continuará prestando o seu apoio técnico e económico aos concellos para que poidan exercer as súas competencias de saneamento e abastecemento de xeito máis eficiente e prestar servizos de calidade.

herranz

odontólogos

ODONTOLOGÍA GENERAL Y ESPECIALIZADA
ESTÉTICA DENTAL
IMPLANTOLOGÍA CON CIRURÍA GUIADA
ODONTOLOGÍA DIGITAL
PERIODONCIA
ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
BRUXISMO Y ATM
ORTODONCIA - INVISALIGN®

Alfredo Vicenti 2, 2C. 15004, A Coruña
Rosalia de Castro 4, bajo. 15320, As Pontes
www.herranzodontologos.com
981 255 874

Herranz Odontólogos
Clínica Dental

para niños

Odontopediatría y Ortodoncia

La mejor solución para la salud bucodental de los más pequeños

RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56



O Bispado cede a titularidade do edificio do belén ao centro cultural

O Bispado de Mondoñedo-Ferrol, titular da edificación que alberga o belén electrónico de Begonte, cedeu ao Centro cultural José Domínguez Guizán, impulsor do Nadal en Begonte, no que o Belén é o máis singular elemento.

A cesión efectúase co fin de apoiar a continuidade e potenciación do belén, estando condicionada a que

a actividade que no edificio se desenvolva estea, en todo ou en parte, vinculada co belén begontés.

O documento oficial de cesión será asinado o este venres, 2 de setembro, ás 10.00 horas, diante do notario de Vilalba Jesús Basanta Barro, polo ecónomo da Diocese, Xoán Xosé Fernández, e o presidente do Centro cultural José Domínguez Guizán, Xulio Xiz.

O PP pide acceso ao inventario dos bens da Deputación da nave

O Grupo Popular pedirá acceso ao inventario dos bens que a Deputación de Lugo ten almacenados na nave do polígono de Carral, en Begonte; e tamén solicitará a posta a disposición dos concellos do material que alberga e lles puidera resultar útil.

O portavoz, Antonio Ameijide, explica que “despois de meses de espera e de ter que recorrer á Valedora do Pobo porque o presidente Tomé denegaba a entrada aos deputados populares en edificios públicos, conseguimos entrar na nave titularidade da Deputación o pasado mes de xuño, cando puidemos comprobaron que o goberno provincial a converteu nunha especie de vertedoi-

ro”. De feito “estábanse a deteriorar moitos e variados elementos -embarcacións de todo tipo como veleiros ou lanchas pneumáticas, diversa maquinaria, elementos de balizamento, de xogo de parques infantís ou para a práctica de deporte- que, nalgúns casos, poderían resultar útiles para os Concellos”.

Os deputados populares xa pediran a posta en valor da nave e dos elementos que almacena a mediados do mes de xuño e cren que, “unha vez realizado o inventario, poderase coñecer con exactitude o material almacenado e determinar cal se podería poñer a disposición dos Concellos”.

Aberta a inscrición das actividades culturais e deportivas municipais

O Concello de Begonte abriu o prazo para inscribirse nas actividades socioculturais e deportivas do vindeiro curso 2024 - 2025 destinadas a nenos/as, mozos/as e adultos/as.

Entre as actividades ofertadas pódense atopar multideporte, natación, tenis, baloncesto, informática, teatro, pilates, cestería, fútbol, sala, xadrez, inglés, patinaxe, pádel, voleibol, zumba ou robótica entre outros.

O primeiro prazo de inscrición vai dende o 23 de agosto ata o 20 de setembro e publicaranse as listas

de admitidos entre o 25 e o 27 de setembro.

O segundo prazo de inscrición vai dende o 7 ata o 17 de xaneiro 2025 e a publicación de admitidos/as será entre o 22 e o 24 de xaneiro. As listaxes de admitidos/as poderán consultarse nas dependencias do Concello.

Para formalizar a matrícula será necesario entregar no rexistro das dependencias do Concello ou enviar pola sede electrónica (<https://begonte.sedelectronica.es/info.1>) a solicitude correctamente cuberta e asinada.



Os Gin Tonic's serán o prato forte das festas patronais de Baamonde

Os Gin Tonic's chegan á localidade da man do Concello de Begonte en colaboración coa Xunta de Galicia con motivo das festas patronais de Baamonde. Actuarán o sábado 7 de setembro na praza de Baamonde.

Os Gin Tonic's é unha banda divertida, apaixonada e elegante que cada noite consegue unha increíble conexión co público dos seus concertos.

Nesta actuación farán viaxar polas versións dos mellores temas do Pop Rock español, dende os 80 ata a actualidade (Seguridad Social, Rebeldes, Revolver, El Último de la Fila, Fito y Fitipaldis, Radio Futura, Loquillo, Los Rodríguez, Barricada, M-Clan, Los Refrescos, Los Secretos, La Unión, Joaquín Sabina, Siniestro Total, Rosendo, La Frontera, Coque Malla, Jarabe de Palo, Hombres G, Alaska, Miguel Bosé, Los Suaves, Tequila...).

Este será o concerto estrela das festas, que comezarán o venres 6 cunha liscada popular de balde ás 21.00 horas. Ademais haberá unha verbena a cargo de Los Coleguitas ademais da orquestra atracción Furia Joven.

O propio sábado será José Anido o que faga dobre sesión musical despois da misa, prevista para as 14.00 horas. Finalizará a noite con DJ.

Por outra banda, o domingo 8 chegará o final de festa na sesión vermú, que estará a cargo do orquestra La Bamba.

EN BREVE

CERCUD. O Cercud de Baamonde organiza unha excursión a Cervo para o 19 de setembro. Esta dará comezo ás 9.10 horas desde a praza de Baamonde. A primeira visita será en Lugo ao Centro de Interpretación Terras do Miño da Deputación provincial para seguir viaxe a Cervo para visitar a fábrica de Sargadelos. Pola tarde está prevista unha sesión no Museo do Mar para ver despois a escultura da Maruxaina na praia do Torno e o Faro de Punta de Atalaia en San Cibrao. A viaxe inclúe transporte, póliza de seguros, entradas e menú de xantar.

TÉCNICAS DE ESTUDO. O Concello, a través de Afammer convoca un curso gratuito sobre Técnicas de Estudo, dirixido a mulleres maiores de 18 anos, que se levará a cabo o 30 de setembro en horario de 16.00 a 22.00 horas na casa da cultura. A finalidade é coñecer as técnicas de estudo e memorización máis operativas e

a adecuación das mesmas cando existen dificultades de aprendizaxe. A inscrición poderá realizarse nas oficinas do concello ata o 20 de setembro ou ata esgotar as prazas.

PRIMEIROS AUXILIOS. Begonte acolle un obradoiro de primeiros auxilios pediátricos dirixido a mulleres maiores de 18 anos que terá lugar na casa da cultura desta localidade o 11 de setembro de 16.30 a 21.00 horas. Os obxectivos do curso céntranse en adquirir coñecementos básicos sobre o manexo de situacións que requiriran actuación de primeiros auxilios básicos nos pequenos e en aclarar dúbidas referentes os primeiros auxilios. Falarase sobre idades, morte súbita, obstrucións das vías, intoxicacións, picaduras, erupcións, *shocks*, convulsións e alerxias entre outras moitas cousas. As inscricións poden realizarse no Concello en horario de mañá ata o 6 de setembro.



GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

NOVAS
INSTALACIÓNS

Avda. Galicia, 66 Bajo
15320 AS PONTES (A Coruña)
981 440 098 - 699 145 568
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamin Paz, 25 Bajo
27800 VILALBA (Lugo)
982 523 034 - 645 851 946
contacto@gestoriagayoso.com

Licitan as obras de eficiencia enerxética das vivendas sociais

O Concello de Riotorto sacou a licitación o proxecto para a contratación da obra de mellora da eficiencia enerxética nas vivendas sociais da localidade.

Os traballos teñen un orzamento de 61.547,17 euros, ive incluído e un prazo de execución de dous meses e medio.

Fai varios anos que esta edificación está abandonada aínda que se renovou dous anos atrás a cuberta de lousa. Este edificio está dividido en dúas vivendas con entradas independentes. O estado da fachada require unha intervención urxente xa que conta con desconchóns e gretas.

Os traballos que se levarán a cabo



consisten na mellora da envolvente térmica dos edificios, concretamente do illamento en fachadas e cubertas, esta última xa executada. Tamén se ocuparán da mellora das condicións de seguridade, hixiene,

salubridade e confort, así como a renovación do sistema de calefacción actual, alimentado por combustible fósil, para utilizar la aerotermia. Tamén se fará a pintura da fachada.

O PP esixe que se limpen as parcelas do polígono

Os deputados provinciais do Grupo Popular, Antonio Ameijide e Jesús Núñez, realizaron unha revisión de varias das zonas da provincia nas que consideran que a Deputación de Lugo debería de crear polígonos industriais, "espazos comprometidos con varios concellos trala sinatura de varios convenios" como en Riotorto. Asegura que na Deputación seguen negándose a asumir os compromisos adquiridos e que "mentres non se constrúen estes espazos industriais, o goberno provincial ignora o cumprimento das súas obrigas legais como son o mantemento das súas propiedades "néganse a limpar estas parcelas".

Ofertan os programas de atención ás mulleres e de apoio escolar

Desde o Concello lembran que a veciñanza conta cun punto de información para mulleres, servizo que presta o Centro de Información ás Mulleres de Mondoñedo. Deste modo, a casa consistorial recibe un mércores cada quince días a unha psicóloga que atende en horario de 11.30 a 13.30 horas.

Este servizo organízase en aplicación do convenio de colaboración do 2018 entre os dous concellos. Trátase dun departamento municipal que ten como obxectivo favo-

recer e impulsar a participación da muller, en igualdade de condicións, na vida política, social e económica da localidade. Ofrecen asesoramento xurídico e apoio psicolóxico, axuda en casos de violencia de xénero, emprego, formación e fomento da igualdade.

O Concello acolle tamén un programa de educación e apoio familiar. O servizo, que conta cunha educadora familiar, poñerase en marcha todos os martes de 9.00 a 14.00 horas na 2ª planta do concello.

Riotorto acolle o sábado 7 o Campionato de España de Carrilanas

O sábado 7 de setembro, terá lugar a terceira baixada das carrilanas en Riotorto, debido ao éxito das edicións precedentes.

A actividade está organizada pola Asociación de Carrilanas os Meiregos, un club formado por veciños e amigos de Meira e esta celebración ten o dobre obxectivo de reivindicar esta práctica e ao mesmo tempo traer turismo á zona e axudar aos negocios.

A proba acollerá o Campionato de España, ademais de ser puntuable para as Copas Galicia e España.

O horario do evento comezará ás 11.00 horas coas verificacións técnicas e administrativas, de 13.00 a 14.00 horas haberá un pincheo. Ás 15.15 horas comezará o remonte de participantes á liña de saída,

despois do *briefing* de pilotos, para comezar cos adestramentos oficiais.

A continuación serán as baixadas oficiais, dúas, que se desenvolverán ata as 19.00 horas.

Recibirán premio os tres mellores de cada categorías e *Scartch* General. O día 4 será o último día para inscribirse na proba, que contará con pavillón para acampada, servizo de baños e duchas desde o venres ao domingo.

A provincia de Lugo xa conta con varias probas en diferentes concellos, como no de Meira, que celebrou o 1 de xuño ou o de Abadín, que este ano non se celebrou, aínda que si se fixo na Pontenova e comezaron a tempada no barrio de San Lázaro, en Lugo.

CENTENARIA



Riotorto conta cunha nova centenaria, trátase de Alicia Cabo Rodríguez que celebrou o seu centenario. A familia da veciña de Riotorto fixo unha festa para conmemorar a data e por parte do Concello recibiu un agasallo, consistente nunha placa de prata.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

A Festa das Persoas Maiores será o venres 6

O Concello de Xermade celebrará o venres 6 de setembro a súa tradicional Festa das Persoas Maiores, que chega nesta ocasión á súa edición número XIX.

A celebración dará comezo ás 13.30 horas cunha misa na igrexa parroquial seguida do xantar no pavillón municipal, que dará comezo ás 14.30 horas. Pola tarde haberá baile amenizado polo dúo Venus e o tradicional recoñecemento ao home e a muller de maior idade.

O menú da comida, que terá un custe de 15 euros para os veciños do concello, contará con xamón, polbo, carrilleiras, torta de queixo, café e bebidas. Para aqueles que desexen asistir e non estean empadroados en

Xermade, o custe da inscrición é de 30 euros.

TEATRO. Dentro do programa Dinamizartj, a nave de Momán acollerá o venres 6 de setembro, a representación da obra *Arbolito y la Abubilla*, unha peza de Ajayú dúo para público familiar. A obra poderá verse a partir das 18.00 horas.

Arbolito y la Abubilla é un conto musical orixinal de Ajayú Dúo, cantado nun divertido concerto interactivo para gozar en familia. Arbolito é o personaxe principal do conto e a narradora é a Abubilla. Unha historia de transformación persoal que reivindica a necesidade de dedicar o noso tempo ao que amamos.

Ultiman o programa do Encontro Internacional de Torneiros

Xa está todo preparado para o XXIV Encontro Internacional de Torneiros da Madeira, unha cita que reunirá neste concello a destacados profesionais da arte da tornería os días 20, 21 e 22 de setembro.

A organización lembra a proxección nacional e internacional deste encontro "para o municipio e tamén para toda a provincia de Lugo" e subliña que "con esta cita teremos a oportunidade de recoñecer o traballo dos nosos artesáns que coas súas mans e a súa creatividade transforman pezas de madeira en auténticas obras de arte e, sen dúbida, os torneiros de Xermade son testemuñas viventes dunha herdanza que mantén viva a nosa historia e cultura".

A programación desta 24ª edición dará comezo o venres 20 de setem-



bro ás 10:30 horas e ao longo dos tres días de encontro as persoas que se acheguen ata Xermade poderán desfrutar de diversas actividades como o XXIV Encontro Internacional de Torneiros da Madeira de Galicia, obradoiros a cargo dos artistas Helen Bailey, Géronime, Pedro Calavero e

Lolo Castro, exhibición de pezas dos participantes ou a XVI Exposición CONtornos, unha mostra composta por un total de 76 pezas elaboradas por artesáns do torneado.

A inauguración oficial do evento terá lugar o venres ás 12.30 horas e a clausura será o domingo ás 13.00.

Roupar celebra as Festas do Campo e unha homenaxe á veciña Julia Pico

A localidade de Roupar celebra a fin de semana a partir do 13 as Festas do Campo, na honra á Virxe do Carme e San Caetano.

As celebracións festivas arrancarán o venres cunha liscada popular, ás 21.30 na que tamén se repartirán chourizos á sidra. A parte musical estará a cargo do grupo Pasión e Disco Móvil Plaxx. O sábado haberá misa solemne ás 13.30 horas e procesión a cargo do grupo Axóuxere. A sesión vermú estará cargo do dúo D'Vicio. Estes actuarán na verbena xunto a Disco Móvil Plaxx.

O domingo repetirán os actos relixiosos e pecharanse as festas coa sesión vermú do grupo La Bamba. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto con carpa.

HOMENAXE. Roupar renderá o día 7 de setembro unha homenaxe á súa veciña centenaria Julia Pico, no seu 102 aniversario. A sesión dará comezo cunha misa solemne cunha procesión que estará acompañada do grupo de gaiteros Axóuxere á que seguirá a sesión vermú do Trío CQC. O acto central será un xantar a cargo de *catering* Espectáculos Miguel. Haberá callos, carrilleiras e sobremesa, ademais de pan, bebida, café e licores. Pola tarde haberá música de novo co mesmo trío e tamén co DJ Puzzle Animación. Para os nenos está previsto que haxa inchables e xogos e para os maiores sorteo de agasallos.

Unha brigada loitou no verán contra os incendios

O Concello da Pastoriza, como outros moitos municipios nestes meses de máis calor, contará con brigada municipal contra incendios.

Como subliñan desde o concello, Non se trata dun servizo novo, pois é o segundo ano consecutivo no que manteñen este equipo que actuará no ámbito muni-

pal. Concretamente encargarase de levar a cabo labores de limpeza de fontes, depuradoras e balsas de auga, entre outras. Deste xeito, reforzan a actuación neste concello lucense a favor da prevención, defensa e loita contra os incendios forestais durante os meses de maior risco de lume durante o verán.

O CIN de Bretoña amplía o seu horario de atención ao público e grupos

Despois de mes e medio funcionando de novo o Centro de Interpretación de Bretoña a días alternos, ampliouse o tempo de apertura.

Así, agora estará aberto de martes a sábado, de 10.00 a 13.30 horas e de 16.00 a 19.30 horas. Despois, para calquera información ou reservas para grupos o teléfono de contacto é o 982 332 197.

O centro de interpretación ten o obxectivo do estudo e divulgación da historia do bispado dos bretóns de Gallaecia e do patrimonio do concello e terras da comarca en xeral.



Tamén abre a días alternos o novo Centro de Interpretación do Alto Miñío, situado ante a lagoa de Fomifiá.

a pastoriza

Bretoña recupera a Festa do 8 en domingo

Bretoña contará este ano coa Festa do 8, que se celebrará coincidindo o día en domingo. Para isto haberá un xantar ás 15.30 horas cun menú que constará de empanada, arroz caldo con marisco, tenreira guisada con patacas, brazo de xitano, viño, café auga e licor. Este ten un prezo de 28 euros para adultos e de 15 para nenos de 3 a 10 anos.

As persoas que desexen participar

deberán anotarse antes do 4 de setembro con Brais (607 696 758), Diego (626 345 993) ou Raúl (665 128 442).

A organización disporá de inchables e animación gratuíta para os máis pequenos, ademais do sorteo de varios produtos e a actuación de grupos musicais. As persoas que desexen levar merenda tamén poden facelo.

Ponse en marcha o servizo de recollida de enseres domésticos

O Concello da Pastoriza pon en marcha o servizo de recollida de enseres domésticos do 16 ao 20 de setembro. Recolleranse utensilios como electrodomésticos, mobles, sofás, portas, cadeiras, caixas e listóns de madeira. Non se recollen escombros, sanitarios ou obxectos similares xerados por obras e reformas de vivendas. Os obxectos deberán estar colocados nun lugar axeitado para a súa carga. Os interesados deberán anotarse a este servizo chamando ó teléfono 982



332 197 indicando nome e apelidos, dirección, teléfono e volume dos enseres a recoller.

O PP pide que se instalen os novos sistemas antinéboa da A-8 no Fiuoco

As explicacións dadas polo Goberno en relación coa seguridade no tramo do Fiuoco lonxe de resolver dúbidas e ofrecer tranquilidade aos condutores que circulan por ese punto da autovía do Cantábrico (A-8) "déixanos máis preocupados". Así o aseguran os senadores populares que insisten na necesidade de que o Goberno instale sen máis retraso os novos sistemas antinéboa que xa foron testados.

Afondando nesta idea desde o PP sinalan que o feito de que o Goberno alegue que os últimos accidentes acontecidos tiveron lugar fóra do tramo balizado -é dicir, fóra do tramo no que están instaladas as balizas que avisan aos usuarios da proximidade de vehículos para manter a distancia- demostra que as zonas de intensa néboa superan o tramo balizado e, polo tanto, que agora a zona de perigo é moito maior.

Por iso, desde o PP conclúen que as medidas instaladas na actualidade son manifestamente insuficientes para garantir a seguridade.

Rematan obras de mellora en vías de Castromaior, Corvite e Fanoi

O Concello de Abadín traballa en Castromaior para mellorar a infraestrutura viaria das parroquias coa construción dunha escollera.

Trátase dunha infraestrutura sólida para asegurar a estabilidade do camiño e evitar problemas de erosión. Ademais, realizouse o acondicionamento completo da pista que conecta A Arnela con As Paredes. "Agora, os veciños poden gozar dun acceso máis seguro e cómodo", explicou o alcalde, José María López Rancaño. Segundo engade, "todo este traballo realizouse respectando o entorno natural, asegurando que os regatos e correntes de auga poidan fluír sen interrupcións".

Tamén remataron as obras de ensanche, instalación de varandas e colocación de bolarados na ponte de acceso a Casas en Corvite. O obxectivo non era outro que a seguridade. Finalmente, reforzaron as infraestruturas en Fanoi coa colocación de tubaxes na vía de acceso ao depósito de auga e os pastizais e tamén para o propio depósito.



Abadín rende homenaxe aos seus maiores

O Concello de Abadín rendeu unha homenaxe aos seus maiores cunha xornada especial no Pavillón Municipal, na que a asistencia foi masiva e na que o ambiente foi magnífico. Durante a tarde, houbo un recoñecemento especial para os veciños máis lonxevos, Celia Vázquez Fernández, de Moncelos, que ten 101

anos, e Darío Rodríguez Xesto, de Vilarente, con 94.

Ambos recibiron unha merecida homenaxe por parte do Concello, que lles entregou un obsequio como recoñecemento á súa vitalidade e aos moitos anos que compartiron, tal e como fan todos os anos.



Afouteza organiza un obradoiro de pilates

A Asociación de Mulleres Rurais Afouteza de Abadín organiza unhas clases de pilates desde o mes de setembro.

Comenzará o martes 6 de setembro, de 20.30 a 21.30, no pavillón de Abadín. Todo aquel que queira asistir deberá pagar un prezo de 25 euros ao mes, no caso dos socios, e de 30 euros os que non o sexan. Para inscribirse hai que chamar aos teléfonos 653 281 275 ou 650 130 981.

Abeledo celebra as súas festas os días 7 e 8 de setembro

A localidade de Abeledo, en Abadín, celebra esta fin de semana as súas festas patronais na honra a San Antón e Santa María.

Estas darán comezo o sábado ás 13.30 horas cunha procesión e sesión vermú co grupo Jaque, que tamén se ocupará da verbena xunto a Judith Cundins.

O domingo a celebración consistirá na misa, á mesma hora, seguida de procesión e sesión vermú de fin de festa estará a cargo de Fuxsión Latina.

A organización lembra que haberá carpa por si chove.

Na capitalidade non se celebraron as festas de setembro debido a que non se formou comisión organizadora

MOBELRIAS

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE

ZAFIRO TOURS VILALBA

VIAJAR ES AÑADIR vida A LA VIDA

Rúa Campo de Puerto 2, 27800 Vilalba - Lugo. T.: 982 511 544

Convocan a VII edición do premio de poesía Torre de Caldaloba

O Concello e a Asociación Recreativa Cultural San Martiño de Pino, en colaboración con Culturalia GZ convocan a VII Certame de Poesía Torre de Caldaloba.

Esta iniciativa está deseñada co fin de poñer en valor este monumento histórico, promover a súa conservación e fomentar a creatividade e estimular a creación poética. Poderán concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa finalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

A organización deste certame establece unha soa categoría, para maiores de 16 anos e o gañador recibirá 1.500 euros de premio e a publicación da obra, e o segundo premio levará un accésit e a publicación da obra.

As bases contemplan un límite de entre 300 e 600 versos con tama-

ño de letra 12 puntos e arial. Para todos os interesados en presentar propostas, o prazo estará aberto ata o 20 de outubro.

Os requisitos para valorar as obras serán que estean en galego e escritas a ordenador e que sexan orixinais mentres que a temática é totalmente libre.

A entrega pode facerse por correo ordinario, no Concello de Cospeito sito en avenida Terra Chá nº29, Feira do Monte, 27377, Cospeito, Lugo; ou por sede electrónica.

O fallo será dado a coñecer con data 15 de novembro de 2024 a través dos medios de difusión e comunicado ás persoas gañadoras, entregando os premios nun acto convocado a tal fin con data 23 de novembro deste ano. Destacan nas bases o feito de que non poderán presentarse os gañadores das últimas dúas citas.



A Deputación comezou coa rehabilitación do firme da LU-P- 1701

A Deputación de Lugo iniciou os traballos de rehabilitación do firme dun tramo da LU-P- 1701, que é a vía que comunica en Cospeito Feira do Monte con Muimenta.

Trátase dunhas obras nas que a institución provincial inviste preto de 250.000 euros e que afectan a un tramo de 6 quilómetros desde o inicio da estrada, contribuíndo a mellorar a seguridade e a comodidade da circulación.

As obras, que están a ser executadas pola empresa Cholo SL e que teñen un prazo de dous meses, inclúen unha serie de intervencións.

Nestes momentos, a adjudicataria está a levar a cabo a limpeza das marxes da vía e a mellora do sistema

de drenaxe para evitar acumulacións de auga.

Tras rematar estas tarefas procederase á pavimentación da vía con aglomerado en quente, que ofrecerá unha capa de rodadura máis resistente e duradeira; e finalmente, completaranse os traballos co pintado e a sinalización horizontal. Con esta intervención, a Deputación de Lugo mellora a comunicación entre a Feira do Monte e Muimenta, os dous núcleos máis relevantes de Cospeito. Ademais, esta vía comunica con outros puntos da comarca da Terra Chá e facilita o acceso o transporte de mercadorías que é moi frecuente pola numerosa actividade agrícola e gandeira desta comarca.

A Moexmu renderá homenaxe a todas as comisións organizadoras

O sábado 21 de setembro, ás 16:30 horas, terá lugar no pavillón do recinto feiral Manuel Vila López de Muimenta, un acto de homenaxe ao centenar de persoas que, desde 1985, organizaron a Mostra Expositiva de Muimenta.

Con este acto, preténdese agradecer a eses homes e mulleres que ao longo destas corenta edicións da Moexmu a puxeron en marcha e a consolidaron como un dos referentes do sector agrogandeiro e das feiras multisectoriais de Galicia.

Ao longo destes días de agosto, os presidentes en exercicio de cada comisión, están avisando aos integrantes de cada unha delas e a xerencia aos fundadores da Moexmu para a xuntanza do vindeiro día 21. Este acto, xunto a outros que se poidan levar a cabo, están enmarcados nos corenta anos de vida da Moexmu.

A XLI edición terá lugar os vindeiros 4, 5 e 6 de abril do 2025.

FEDERACION VECIÑAL. A Federación de Asociacións de Veciños da



provincia de Lugo acordou na súa Asamblea Xeral de conceder unha das "V, de Veciño Exemplar" na súa XXII edición á Moexmu. A entrega da mesma, terá lugar o vindeiro 20 de outubro no Pazo de Feiras e Congresos da capital de provincia.

Dende a Federación quixeron respaldar o traballo que ao longo desta corenta edicións é levado a cabo pola veciñanza de Muimenta a través dos seus empresarios e empresarias, en especial, a prol do noso rural, grazas, sobre todo, á organización do único concurso de gando que se mantén

na provincia de Lugo, unha das actividades máis destacadas dentro do amplo programa que ten lugar no pobo, o primeiro fin de semana do mes de abril.

O pasado mes de marzo, a Moexmu recolleu o XXIV Premio Aresa de Desenvolvemento Rural, concedido por este grupo empresarial en colaboración coa U.S.C.. Igualmente, o pasado mes de xuño, presentou o informe, ante a Axencia de Turismo de Galicia, para acadar o Título de Festa de Interese Turístico de Galicia.

EN BREVE

BESTAR E PONTE VILAR. As parroquias de Bestar e Ponte Vilar preparan as súas festas e o seu xantar veciñal, que porá punto e final ás festas patronais na honra de Santa Lucía. As celebracións festivas terá lugar os días 7 e 8 de setembro. O primeiro día haberá misa solemne ás 13.30 horas e sesión vermú con petiscos variados ao ritmo de Solymar. Esta mesa orquestra actuará na verbena xunto ao grupo Zafiro. O domingo continuarán cos pasarrúas a cargo do grupo de gaitas Os Valuros, antes da misa e a procesión. Para chegar ao final haberá unha sesión vermú prolongada ata as 16.00 horas a cargo de Os Adrianos, tamén con petiscos. Así, a xornada veciñal, que será o 29 de setembro, comezará cunha misa solemne ás 13.30 e despois será o xantar que estará amenizado por unha actuación musical.

ASUBÍOS DA CHAIRA. O colectivo Asubíos da Chaira abriu o prazo de inscrición para o próximo curso, prazo que permanecerá activo ata o día 13 de setembro. Esta formación está dirixida a persoas a partir de 2 anos e sen límite de idade que poden aprender no grupo a tocar a gaita, pandeireta, acordeón, tamboril, bombo ou mesmo as cunchas e culleres. Ademais tamén se impar-

ten clases de baile tradicional. Os interesados en inscribirse poden facelo a través do teléfono 628 631 557 ou nas redes sociais do grupo.

SANTA MARÍA. Santa María estará de festa os días 14, 15 e 22 de setembro. O primeiro día haberá misa solemne ás 13.30 horas e sesión vermú a cargo da orquestra Pontevedra. Esta mesa orquestra actuará na verbena xunto ao dúo Epok. O domingo continuarán as celebracións con misa cantada pola Coral Polifónica Municipal Virxe do Monte. Para chegar as festas haberá unha sesión vermú prolongada a cargo de Ritmo. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto con carpa. Ademais, haberá unha xornada veciñal o 22 de setembro. Comezará cunha misa solemne ás 13.00 e despois será o xantar que estará amenizado por Laura Ocampos.

EXCURSIÓN. A asociación San Mariño de Pino organiza unha viaxe ao Saviñao, na Ribeira Sacra, que terá lugar o xoves 12 de setembro dentro do programa Coñece a túa provincia, da Deputación. Os participantes visitarán o museo de Arxeriz e realizará unha ruta en catamarán. A excursión é de balde pero ten

unicamente 21 prazas polo que se fará un sorteo entre todos os que se apunten o día 11 de agosto ás 13.00 horas no local social.

RUTA CABALAR. O sábado 14 de setembro, terá lugar a II Ruta Cabalar organizada pola Asociación Equina A Lagoa. Esta proba, que non ten carácter competitivo, consiste nun paseo a cabalo no que poden participar todos os que queiran sempre que se fagan responsables do seu propio animal. A data límite de inscrición é o 11 de setembro. Esta pode facerse nos teléfonos 697 697 395 (Richard), 605 419 787 (Brais) e 607 512 097 (Natalia). A programación da xornada dará comezo ás 10.00 horas coa recepción dos participantes no campo da Feira do Monte de Cospeito para desfrutar dun almuerzo gratis. Ás 10.30 dará comezo a ruta, que se prolongará ata as 14.30 horas e na que se fará unha parada a media mañá para beber. Finalizarán esta concentración ecuestre cunha comida dos participantes no propio campo da festa, xantar que estará amenizado por Adolfo Valiño e haberá colchonetas gratis para os pequenos. Neste xantar poden participar todas as persoas que o desexen, vaian a cabalo ou non.

DEPUTACIÓN

Aprobados 41 proxectos de medio ambiente das Reservas da Biosfera

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a listaxe definitiva das entidades sen ánimo de lucro que resultaron beneficiarias da liña de axudas de concorrencia competitiva que convoca a institución provincial para desenvolver proxectos medioambientais nas Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá. En concreto, son 110.000 euros para desenvolver 41 iniciativas que porán en valor o patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios. Así o anunciou na rolda de prensa o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

Rivera Capón informou que “destinamos un total de 60.000 euros para 28 proxectos que se realizarán na Reserva Terras do Miño e 50.000 euros para desenvolver 13 actuacións na Reserva dos Ancares Lucenses”. Así mesmo, o Deputado sinalou que esta é a cuarta convocatoria desta liña de axudas que puxo en marcha a institución provincial o pasado mandato e subliñou que “da man de entidades asociativas asentadas nestes territorios contribuímos a coidar

e preservar o medio ambiente, ao mesmo tempo que impulsamos o seu desenvolvemento social e económico da maneira sostible”.

Pablo Rivera afirmou que estas axudas van desde o 1.000 ata os 7.000 e puxo en valor o éxito desta convocatoria “que nos levou a incrementar hai un ano o orzamento nun 30%, ata alcanzar os 110.000 euros, o que nos permite desenvolver máis iniciativas que continúen dinamizando as Reservas da Biosfera”.

Alguns dos proxectos que se van levar a cabo grazas a estas axudas son: un programa de educación ambiental para persoas con diversidade funcional, que realizará a asociación Capaces Lugo; unha xornada de micoloxía e diversos obradoiros sobre plantas silvestres e medicinais da man da Asociación de Veciños da Parroquia de Santiago de Sancovade (Vilalba); ou labores de mantemento de rutas de sendeirismo a través da Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde, entre outras actuacións.

O deputado provincial tamén puxo en valor o esforzo que realizamos a institución provincial para impulsar

e potenciar estes territorios “un traballo que, por suposto, facemos da man das entidades e dos colectivos relacionados con este ámbito, porque somos plenamente conscientes da súa importancia para dinamizar a actividade social, cultural e económica das Reservas da Biosfera”, avanzou.

APREVAR. Noutra orde de asuntos, a Xunta de Goberno sacou tamén adiante un acordo coa Asociación Provincial de Reparación e Venda de Automóviles e Recambios (Aprevar), mediante o cal a Deputación achegará a esta entidade un total de 35.000 euros para colaborar cun proxecto de formación semipresencial.

Pablo Rivera comentou que “Aprevar porá en marcha un plan formativo dirixido a traballadores ocupados da provincia no que se incluírán accións de aprendizaxe relacionadas con este sector, no que constantemente se producen innovacións tecnolóxicas. Ademais, con esta iniciativa, contribuímos a mellorar a cualificación dos profesionais, fomentando así a competitividade e a modernización das empresas da provincia”.



Un convenio achega á Feafes 34.000 euros

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou co presidente da Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES), Manuel Fernández Prado, un convenio mediante o cal a institución provincial achega 34.000 euros para colaborar co programa de intermediación laboral e prácticas laborais que ofrece FEAFES.

Esta iniciativa vai dirixida ás persoas que padecen problemas de saúde mental, un colectivo que sofre importantes dificultades para acceder ao mundo empresarial. Este proxecto pon a disposición dos usuarios e usuarias un servizo de inserción laboral específico que ten en conta as súas características e dificultades e que se centra principalmente na intermediación laboral e na realización de prácticas.

O obxectivo é tratar de promover o desenvolvemento profesional das

persoas con problemas de saúde mental a través da aprendizaxe en situacións laborais reais.

Nesta liña, FEAFES Galicia pretende por unha banda, detectar e crear novas posibilidades de ocupación que faciliten o acceso deste colectivo ao mercado laboral, ao tempo que trata de eliminar os prexuízos existentes na sociedade sobre as capacidades profesionais e produtivas das persoas con problemas de saúde mental.

Concretamente, a través desta achega económica que realiza a Deputación de Lugo FEAFES contratará a un profesional que realizará tarefas de prospección no mercado de traballo para persoas que padecen problemas de saúde mental que residan na provincia de Lugo. Ademais, esta colaboración tamén permitirá a inserción laboral de persoas que padecen problemas de saúde mental a través dunha bolsa de prácticas.

A Vicepresidencia crea Marela!, un programa de impulso da raza Rubia

A Vicepresidencia presentou Marela!, un novo programa para a promoción e potenciación das reproductoras inscritas da Raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo.

O deputado de Rural, Mar e Mocidade Daniel García foi o encargado de detallar este programa que nace co obxectivo de promover o desenvolvemento do sector gandeiro, como sector estratéxico da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real de poboación no medio rural.

Marela! conta cun orzamento de 200.000 euros e beneficiará a 500 animais con axudas unitarias de 400 por animal, cun límite máximo de 6 animais por granxa que cumpren cos criterios establecidos nas bases. As bases serán publicadas o luns 2 de setembro.

Daniel García explicou que “con Marela! queremos apoiar a un sector que leva sendo castigado de xeito histórico e recorrente nos últimos



anos, e máis recentemente durante a pandemia da COVID, a crise da guerra de Ucraína pola suba dos conxuntos dos elementos que forman parte do proceso produtivo, a excesiva burocratización na tramitación das axudas da nova PAC e recente elevadísima incidencia da EHE e da lingua azul nos animais das ganderías”.

Poden ser beneficiarias tanto as persoas físicas como xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da

provincia de Lugo, que críen animais bovinos de pura raza Rubia Galega, sempre que posúan al menos unha femia reproductora desta raza, nadas nas propias granxas, que pasara o Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico durante o pasado 2023. Os animais beneficiarios da axuda deben permanecer polo menos durante 3 anos na granxa do titular solicitante, con posibilidade de subrogación dos dereitos.

Renovan o servizo contra incendios nos edificios da Deputación

O Goberno provincial aprobou a adjudicación dun novo contrato para a prestación do servizo de inspección e mantemento das instalacións de protección contra incendios nos seus edificios. Así o anunciou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen detallou que este contrato, cun importe de máis de 100.000 euros, foi adjudicado á empresa CLECE FS e terá unha duración inicial de dous anos, prorrogables por outros dous.

Segundo explicou Pablo Rivera, “este servizo ten como obxectivo garantir a seguridade dos traballadores, usuarios e veciños, mediante a aplicación de medidas de mantemento preventivo, correctivo e

técnico en todas as instalacións dos centros provinciais”. Entre as tarefas que se levarán a cabo atópanse a revisión, reparación e control de equipos esenciais como extintores, bocas de incendio, hidrantes, sistemas de detección e alarma, así como sistemas de control de fume e calor.

O deputado destacou que este novo contrato “reflicte o compromiso da Deputación de Lugo coa seguridade e protección nos seus edificios, asegurando que as instalacións estean en condicións óptimas e cumpran coa normativa vixente”. Ademais das actividades de mantemento, o contrato inclúe un plan de formación teórica e práctica para o persoal dos centros.

COLABORACIÓNS

A esencia do éxito

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

No mes de agosto, a primeira fin de semana aparece marcada como unha data especial, xa que ao longo e ancho do País multitude de eventos teñen lugar. Fálase que se celebran máis de dúascentas setenta festas durante ese sábado e domingo, moitas delas gastronómicas, enxalzando un produto da zona, pero tamén as hai relixiosas, populares, musicais, ... Ou unha mistura de todo. O certo é que son acontecementos cun forte arraigo no territorio, recibindo moreas de visitantes que contribúen a dinamizar a economía local, derivando nunha fonte de ingresos para os negocios da zona. Necesitaríamos varias vidas para poder asistir a todos eles, polo que ante a obrigada selección cómpre cinguirse a aqueles que temos

máis preto. E no noso caso, non cabe ningunha dúbida, eliximos o Festival de Pardiñas, que xa vai pola súa edición número corenta e cinco. Moitos anos son xa, polo que de sobra nos resulta coñecida esta convocatoria para os chairegos, quen o consideramos algo propio e polo que sentimos orgullo e satisfacción a partes iguais. Pouco se podería escribir que se descoñeza. De sobra identificamos quen o organiza, a asociación Xermolos, e se lle queremos por un rostro, a inercia levaranos a Alfonso Blanco Torrado —aínda que a el non lle gusten estes recoñecementos—, crego, escritor, dinamizador cultural e axitador de consciencias, un referente en toda Galicia, sen dúbida este home que chegou nos oitenta da terra de Eduardo Pondal, Ponteceso. Tamén sabemos a temática, de que vai o festival, onde a música e a cultura galega se poñen en valor, para nós mesmos e para os de alén das nosas fronteiras. Grupos da Terra, pero tamén doutras latitudes, son protagonistas nesa fin

de semana. E como todo na vida, mantendo o de sempre, houbo que renovarse e ofertar novas actividades. Os cantos de taberna, unha fantástica iniciativa que serve de introdución, a mostra de artesanía e a de instrumentos musicais son un claro exemplo desta evolución. E xa van corenta e cinco anos e o poder de convocatoria non decaeu nin o máis mínimo, a pesares de que existen atractivas alternativas. Pardiñas ten o seu público fiel que non falta á cita anual, observando a incorporación de xente nova e moza, polo que a interxeracionalidade da asistencia é unha das características que aseguran a súa continuidade. Pero un exemplo do que significa o Festival de Pardiñas é a testemuña dunha das persoas que colabora na organización. Esta muller contaba que nas primeiras edicións, desde a barriga da súa nai contemplaba como participaba no desenvolvemento deste festexo. E corenta anos despois, tanto seus pais coma ela, así

O RECUNCHO DE CANELINA



como a filla, quen é unha mociña, aí están en primeira liña poñendo todos o seu gran de area para que isto funcione. Aí atopamos a esencia do éxito, nese compromiso que xa se

adquiriu antes de nacer e catro décadas despois permanece intacto. Por iso a Pardiñas lle queda un longo percorrido e seguirá sendo un referente para Guitiriz, a Terra Chá e Galicia.

A malla: exemplo de festa e traballo cooperativo

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Opan foi, e sigue sendo, o alimento máis esencial de case todas as sociedades. PAN é o título dun libro que Neira Vilas lle dedicou e por iniciativa da Irmandade Manuel María, Lucho Penabade, Nazaret López, Carlos Santiago e X,H, Rivadulla convertiron a malla nun acto teatral, interpretado, entre outros, por Mini, Mero e Pepe Penabade, pero moitos escritores e historiadores dixeran cousas maravillosas deste alimento universal.

Na Galiza era maiormente de centeo, que sementábase nas nosas leiras e nas chousas do monte, que cavabamos e logo queimabamos os terróns sen ter que pedir permiso para facer lume, pois daquela non había perigo de incendio porque aínda non había eucaliptos. Tamén se botaban algúns regos de trigo para cocer os días da festa patronal ou noutra ocasión moi especial. Agora case non se sementa ningún deles e desapareceron as paspallás

que nos aledaban os días cantando nos nosos agros.

Despois segábase e levábase en carros para a aira, onde se poñía en medas ata que viña a máquina de mallar pola aldea e separaba o gran da palla. Lembro que un ano, cando eu era neno, os meus parentes da casa de Rato da Tiñaz degraéron con mallos: unha vara longa que tiña enganchado na punta o mallo tamén de madeira, máis curto pero máis gordo, co que se lle daba ao centeo ou o trigo para degrañalo. Daba gusto ver ós malladores e malladoras acompañados os mallos, todos ao mesmo tempo, pero logo viñeron as degrañadoras, ou malladoras, movidas por un motor de gas oil e unha limpadora que separaba o gran da muña, mediante unha manivela da que tiraban un ou dous homes, dependendo do tamaño da limpadora, que ía do 1 ao 3, fabricadas pola familia Ajuria, da comarca vitoriana de Aiara, pero que vivía daquela en Ajuria Enea, onde reside actualmente o Lehendakari do País Vasco. Esta familia, que montou os primeiros fornos altos de Euskadi en Aiara, tamén fabricaba degrañadoras de gran calidade que pisaron as nosas airas.

Ao principio o motor Diésel, inventado en 1893 polo enxeñeiro alemán Rudolf Diesel, eran moi rudimentarios. Acendíanse mediante unha manivela e tirando pola polea e os primeiros iniciaban a combustión por medio dunha mecha que provocaba a ignición e todos se refrixeraban mediante auga que se arrefriaba nun bidón duns douscentos litros, no que se metía tamén unha coroa de pallas para que non salpicara aquela auga quente ás persoas. Os mellores eran os que producía o fabricante de automóbiles francés, Dion-Bouton, e os paisanos miraban moito que o motor fora potente, pois un ano pasou pola miña aldea unha equipa que viñera de Lugo con un motor cativo, que os veciños alcumaron "O Petón", e na casa de Estanqueiro, que tiña catro medas ou medeiros moi grandes, estivo petando todo o día porque non daba mais de si e non os volveron chamar.

Sempre nos cualificaron aos galegos e galegas de insolidarios, porén as rogas de cavadores, os carretos, a malla e moitas mais faenas son exemplos de traballos cooperativos. A malla era un traballo colectivo moi duro que conver-

temos en festa; nela había bromas e competicións entre quen o facía mellor e mais rápido.

Os mollos dos medeiros tirábanos os rapaces para a malladora, onde outro llos pasaban aos que os desataban e espelían antes de pasala pola malladora. Os homes carretaban a palla para os paleiros, despois de que outro a separara entre gorda e miúda, para poñela en paleiros diferentes; arredor dos paleiros estaban outros homes que coa forcada botábanlla aos que a repartiran e colocaran arriba, de xeito que non entrara a auga no paleiro. Unha ou dúas mulleres facían as "cañufas", que eran unha especie de feixes da palla mais miúda que non ía para o paleiro e que no inverno o dono da casa daríalla ás vacas.

Outras mulleres, e as veces homes, carretaban o gran cuns canastros na cabeza, que votaban na limpadora, onde outro home, que maiormente era un asalariado dos donos da máquina, espelía o gran nas cribas con unha pequena vara galleda, para que se separara da muña o antes posible e cada un fora polo seu lado.

O número de persoas en cada pos-



to dependía do que bulían a equipa formada polo motor e a máquina de mallar.

Si a malla era moi grande e duraba moito pasábase de vez en cando o porrón e bebíase o viño á catalana, para refrescar e animar un pouco á xente. Ao final había comida popular de cacheira, queixo duro feito na casa e, as veces, un guiso de coello de entrante.

Agora, en moitas romarías galegas lembran esta festa ancestral e penso que se debía levar a cabo en todas as festas populares, polo que animo aos meus veciños dos Vilares para que a revivan todos os anos na Romaría Labrega da Chaira, porque temos que lembrar o noso pasado para crear un futuro mellor.

DEPORTES

O Forma-T Vilalba gaña o primeiro triangular de fútbol sala feminino

O Vilalba FS foi o gañador do I Torneo Triangular Feminino de Fútbol Sala disputado na localidade. A cita, que estivo organizada polo Grupo Forma-t Vilalba FS co patrocinio da Secretaría Xeral de Deporte da Xunta e a colaboración do Concello, celebrouse o día 17 de agosto no pavillón municipal.

As vilalbesas gañaron este ano o ascenso a Segunda División e este torneo serviu tamén para empezar a coller dinámica unha semana despois da pretempada. Participaron



tamén o Burela FS e o 5 Coruña FS. O equipo local venceu 4-2 ao Burela e 5-0 ao 5 Coruña, mentres que o

duelo entre os outros dous equipos rematou con vitoria coruñesa por 0-2.

As Pontes acolleu o torneo das Series de rugby praia

O lago das Pontes acolleu as Series Españolas de rugby praia nas que competiron as categorías mixed ability rugby inclusiva M15 e M17, que deron o pistoletazo de saída a este torneo organizado pola AD Monte Medulio e o CR Fendetestas.

Así o Malditos Rc e e Santiantes Rc levaron a copa en M17 e M15, que lles fixo entrega a tenente de alcalde Pontesa, Ana Pena.

Pola súa parte, o sábado foi a quenda dos equipos sénior, con 12 candidatos en cada categoría e os Vacceos e Vacceas Elite envorcados en conseguir o título nacional. O sorteo de grupos fixo que os 4 mellores equipos do torneo en ambas as categorías víranse as caras en semifinais.

En Categoría Masculina, Rugby de Vigo desfixose dos segovianos de Vacceos Elite Norte, e os Fesorians asturianos facían o propio co combinado galego Arroases. En categoría Feminina, Nin Putas Nin Ideas e Thetas X A Paz foron moi contundentes tanto nos seus encontros de grupo como en semifinais, nas que se desfacían das Vacceas Sur e as pontevedresas de Perrechas Bravas.

Na quenda das finais, a mocidade e verticalidade do equipo de Chamas cara a morder a area aos Fesorians fixo que levaran o primeiro posto e os Mvp (Francisco Bianchi) e MVP M23 (Fiz Pazos). Na outra final, Nin Putas nin ideas conseguiron tres puntos antes do descanso e o equipo madrileño de Thetas subiu un punto de intensidade e conseguiu igualar o encontro. Durante a prórroga, Thetas conseguiu o ouro, revalidando o título.

Pola súa parte, o MVP (mellor xogador) femininos foron a parar a Raquel Alonso e Carolina López Abella.

A Nocturna de San Ramón será o día 14

Vilalba será escenario o sábado 14 de setembro da sexta edición da Nocturna de San Ramón, organizada polo Club Atletismo Vilalba coa colaboración do Concello de Vilalba. A proba terá chegada e saída á praza da Igrexa.

As carreiras comezarán ás 19.00 horas coas diferentes categorías infantís e xuvenís.

A proba sénior, de cinco quilómetros dará comezo ás 21.00 horas e haberá tamén a esa hora unha andaina de tres quilómetros.

As inscricións están abertas ata o 8 de setembro e poden realizarse en

www.championchipnorte.com.

As persoas interesadas en participar na andaina poden facelo telematicamente ou presencialmente, o propio día da Nocturna de San Ramón desde as 17.00 ata as 20.00 horas na praza de Santa María.

As inscricións teñen un prezo de 6 euros para a carreira absoluta e 1 euro para a andaina. Os atletas infantís non pagan.

Haberá premio económico para os tres primeiros clasificados da absoluta e trofeos tamén para os tres primeiros das probas infantís a partir de sub 10.



Muras acolleu a III Mini BTT do club viveirense

Muras acolleu o domingo 11 de agosto a III Mini BTT. Trátase dunha cita que estivo organizada polo Club Ciclista Viveiro e que contou coa colaboración do Concello de Muras e da Federación Galega de Ciclismo. Dende o Concello tamén queren agradecer a todas as persoas que cederon as fincas para

poder facer os circuitos.

Na proposta, que comezou ás 10.00 horas, tomaron cita a categoría benxamín, promesas, principiantes, alevíns e infantís. Dende o Goberno local din estar "moi contentos" co desenvolvemento deste evento porque "é un elemento dinamizador".

TORNEOS DE FÚTBOL



FRIOL. As Celtas impuxéronse no triangular disputado en Friol ante o conxunto local e o Avilés asturiano. O primeiro partido foi contra as asturianas, imponéndose o equipo celeste nos penaltis despois de que o tempo regulamentario acabase con empate sen goles. No segundo partido, disputado ante o Friol, que exercía como local, As Celtas impuxéronse por dous goles a cero, deixando o bronce para as locais.



XERMADE. O CD Xermade fíxose co Trofeo Manuel González Fernández de Fútbol, na que é a súa XII edición. O equipo da capitalidade venceu no último partido do torneo ao Cazás por 1-2 no duelo disputado no campo do Cabreiros. Este enfrontamento levaba 14 anos sen producirse. Na loita polo terceiro e cuarto posto, disputado no campo do Roupár, o local caeu ante o Cabreiros nos penaltis despois de rematar o duelo cun 1-1.



VILALBÉS. O Vilalbés levouse o trofeo na nova edición do torneo estival Vila de Castro, un evento xa consolidado no calendario deportivo local. Foi unha xornada de fútbol intensa, na que os dous equipos deixaron unha excelente impresión de cara ao inminente inicio de tempada, en categorías moi diferentes. A vitoria foi sen dúbida merecida (1-5), mais iso non resta mérito á destacable actuación do CD Castro. Polo Vilalbés marcaron Borja(2), Asier, Anthony e Adrián.



CP CASÁS. O CP Casás fíxose logrou gañar a primeira edición do Trofeo Huer-tas Big Mat de fútbol disputado no campo Manuel Luna de Pol, contra o Meira CF. Este trofeo, que nace para quedarse, está organizado polo Meira e ten a intención de converterse en parte do programa de pretempada. O equipo da capital venceu por 0-2 ao anfitrión.

Roda de novo o balón

Arranca unha nova tempada de fútbol con cambios no regulamento para unificar as novas categorías, especialmente nas bases

Despois dun mes de agosto de quen- tar motores, chegou o momento es- perado. Arranca a Liga para todos os equipos de fútbol, que aproveitaron o verán para remodelar os seus equi- pos de cara a unha meta común para todos eles, crecer e superarse, ben sexa levándose o título ou mesmo o ascenso de categoría.

Para a maior parte deles o premio será manter a categoría pero sexa como sexa a maquinaria está en marcha e o balón xa botou a rodar e adaptándose aos novos cambios que trae este ano a Federación Ga- lega.

As competicións nacionais escolle- ron o inicio do mes de setembro para a estreia. Agás o CD Lugo, que en Primeira Federación xa leva dúas xornadas disputadas e sen moita fortuna. O equipo, que se remodelou dende a dirección, logrou a per- manencia o ano pasado in extremis, sendo o equipo mellor situado da provincia.

En Terceira Federación coinciden o resto de equipos que están en ligas nacionais. O Polvorín, filial do Lugo, e o Vilalbés, retornan a esta descendi- dos pero con forzas renovadas para seguir loitando. Neste mesmo grupo seguen a Sarriana, que non logrou o ascenso, e o Viveiro.

O equipo sarriao tivo moi preto o ano pasado a Segunda Federación, pero ao final escapóuselle o premio. Os catro equipos da provincia inicia- rán a Liga a fin de semana do 8 de setembro.

PREFERENTE

Un dos primeiros cambios que se produce este ano é que a Preferente para a ser Preferente Futgal, aínda que segue na mesma liña e ten a mesma data de inicio da competi- ción. O Ribadeo e o Lemos conse- guiron o ano pasado manterse nesta difícil categoría e estréanse este o Pol, que pechou un ascenso directo logo dunha magnífica tempada, e o Escairón, que tivo que acudir á pro- moción para entrar no último paso do fútbol galego.

A gran novidade no formato de competición de cara á próxima campaña radica na posta en marcha dun *play off* de ascenso. Ata esta campaña ascendían catro equipos de maneira directa (os dous primei- ros clasificados de cada grupo). A partir desta mesma campaña man- teranse os catro ascensos, pero da seguinte maneira: os campións de cada un dos grupos darán o salto á Terceira Federación de maneira directa e as outras dúas prazas sai- rán dunha promoción na que parti- ciparán o segundo, terceiro, cuarto e quinto clasificados de cada grupo. Estes enfrontaranse de xeito cruza- do (2º contra 5º e 3º contra 4º) a ida e volta. Os vencedores disputarán unha segunda eliminatoria que dic- taminarán as outras dúas prazas e ascenso.

Non houbo tanta sorte para o Castro e o Residencia, que regresan á Pri- meira Futgal, a nova denominación da anterior Primeira Galicia, tamén coñecida como Primeira Autonomí- ca.

A categoría segue a ser de ámbito autonómico pero composta agora por 108 equipos repartidos en 6 grupos de 18 equipos cada un. Os lugueses seguen a competir xuntos no grupo 3 e tamén saíran ao verde a mesma fin de semana. Póñense en xogo 9 ascensos a Preferente. Aca- darán o pase directo os campións de cada grupo e os tres ascensos restan- tes saíran dunha promoción na que participarán os segundos e terceiros clasificados de cada grupo.

Seguen a ser o mesmo número de equipos, e xunto aos novos descendi- dos tamén están os ascendidos, como o Vilalbés B, o San Lázaro, o Pastoricense e o Oural.

As seguintes fins de semana de se- tembro será cando se inicie a com- petición para a Segunda e a Terceira Futgal, que tamén cambian de nome pero que previsiblemente seguirán o mesmo sistema que en anos an- teriores e nas que os cambios son as novas chegadas por ascenso ou descenso. A Federación aínda non fixo públicas as normativas destas



categorías pero poucos cambios se esperan xa que estas modificacións están máis centradas este ano no fútbol de base.

NOVAS CATEGORÍAS

Así, nas categorías xuvenil, cadete e infantil creouse unha nova división, situada entre a anteriormente coñe- cida como Liga Galega e a Primeira Provincial. As antigas galegas levarán tamén o nome de Preferente Futgal ao lado de xuvenil, cadete e infantil, e a nova categoría distínguese como Primeira Futgal. Despois desta man- terase a división provincial.

Mantéñense por suposto as tres categorías nacionais, nas que está como único representante o CD Lugo. O xuvenil A está en Liga Nacional Xuvenil, despois do descenso que acadou na última sesión men- tres que o B pasará por arrastre á agora Preferente.

En División de Honra cadete e infan- til estarán un ano máis tamén sós.

En Preferente Futgal están o Vilalbés, o Lugo B e o Milagrosa no norte e o Calasancio no sur. Na cadete Lugo B e Residencia están como únicos re- presentantes, logo do descenso do equipo monfortino. Na infantil com- petirán o Residencia, o Polvorín e o Viveiro.

No relativo á Primeira Futgal queda- ron clasificados a tempada pasada os mellores equipos por debaixo dos

O CD LUGO

O **CD Lugo** arranca tempada con novidades no seu cadro de xoga- dores. Guille Perero e Nathaniel Nicholas, aos que se uniu Raúl Her- nández, que chega á cidade amu- rallada tras completar a tempada 23/24 nas filas do CF Fuenlabrada e Jon Ceberio, mediocentro que formou parte do CF Intercity, pro- tagonizaron as primeiras presenta- cións. Únense a eles Jon Cabo, que completou o seu proceso formativo na canteira do Athletic Club, Martín Ochoa, que vén cedido do Depor- tivo, e Martín Ochoa.

A entidade tamén chegou a un acordo con Erik Ruiz, con Marcos

Sánchez, co catalán Roger Martí- nez, co porteiro Marcos Lavín e o defensa central Juan Rodríguez, procedentes do Alxeciras CF. A afección tamén poderá desfrutar do lateral esquerdo Ander Zoilo, procedente da canteira da Real Sociedade, de Alberto Vaquero e Yayo González. Pablo Cacharrón e Dani Vidal completan as presenta- cións.

Pola contra, o club cede a Andrés Castrín, que estará no Sevilla; Gonçalo Tabuaço, no CS Marítimo; David Rosón, que renova ata 2026 e xogará no Don Benito e finaliza o contrato con Fran Mérida.

ascendidos. Os da provincia de Lugo foron divididos en dous subgrupos. Na xuvenil están Chantada, Residen- cia, Palas, Sarriana, Becerreá e Antas. Na cadete quedan o Polvorín FC e o EF Polvorín, Vilalbés e Residencia B xunto a Chantada e Calasancio. Na infantil están Piringalla, Milagro- sa, Sarriana, Vilalbés, Ribadeo, Lugo B e Calasancio.

LIGAS FEMININAS

Non haberá cambios nas ligas femi- ninas este ano, nas que o Lugo e o

PM Friol están como figuras des- tacadas na Terceira Federación, na que o primeiro logrou a permanen- cia no seu primeiro ano na catego- ría in extremis. Para as de Friol foi un ano complexo pero aseguraron pronto a súa praza. Arrancarán tamén o 8 de setembro a contenda. As ligas galegas femininas retrasa- ranse algo máis. Estrearanse o 15 de setembro a Primeira e a Segun- da. Logo do descenso do PM Friol B non haberá representación da provincia na categoría máis alta. Tampouco se coñece aínda a com- posición do resto.

O VIVEIRO CF

O **Viveiro CF** tamén cambiou de adestrador, e será Jandry Rego o que se encargue de levar ao equipo ao máis alto. O que foi o asistente de Alberto López toma o mando e xa se encargou da pretempada.

Hai cambios no equipo pero non tantos como no resto de catego- rías. Na porta estarán Ayoub e Lluc, vellos coñecidos da afección, e no medio campo seguirán Diego Fernández e Diogo Petiz, aos que

se suman as incorporacións de Chucas, Víctor Fernández, Xoel, Salomón Teijo e Lucas Fanego, mentres que serán Juan, Rolle, Adri Lombao, Arturo e Cora os que seguirán defendendo os co- res celestes. Na liña dianteira es- tarán Carlos Teixeira, Jorge e Xoel Ferro. Posteriormente foron incor- porados Álex Vila e Diego Herrador e tras varias baixas reforzaron o mediocentro con Pablo Calvete.



O VILALBÉS

O **Racing Vilalbés**, que non logrou manterse en Segunda RFEF por moi pouco despois da súa estrea histórica, volverá á Terceira con moita ansia de atopar de novo a senda do ascenso.

Aos mandos está agora Alberto López, ex técnico do Viveiro, xa que Simón Lamas deixou o equipo cando se produciu o descenso.

Xunto a Lamas tamén houbo outras 15 baixas polo que hai un Rá-

cing totalmente novo. Entraron no equipo Rodolfo Perilae, Borja Míguez, Anthony Gardette, Gabri Barroso e Adrián Fernández na parte de adiante. Na defensa están agora Edgar Redondo, Martín da Lama, Asier Burundarena e David García. Estas incorporacións súmanse a veteranos como López, Vérez, Make, Javier e José Varela, Buyo e Santomé. Do filial chegan Noel, Pedro, Álex e Edu así como xuvenís Iago e Sergio.



A SARRIANA

A **Sarriana** contará este ano con novo adestrador, Jaime Paz, que procede do Villarreal, onde formou parte do corpo técnico de Quique Setién. Tamén foi asistente técnico no Oviedo.

Así, con Jaime Paz forman parte do corpo técnico do club Juan Noé, Adriano Sousa, David, Diego e Santi Prieto.

Por outra parte, anunciáronse as renovacións de xogadores do equipo como Javi Liz, Valentín Mosqueira, Tomás Susavila, Maxi Levbrand, Keko Vilariño, Jacobo Vilariño, Adri-

Díaz, Álex Boedo, Diego Rey, Cuadrado, Arona e Brais Prieto.

Mentres, tamén se anunciaron as incorporacións de novos xogadores, que son Álex Millán, Martín López, David Guitián, Froilán Contreras, Youseff Sánchez, Rai, Luis Díaz e Santi Gegunde.

Ademais, durante a pretempada, xogarán co primeiro equipo varios integrantes do sénior B, como Rubén Mourelo e Brais López, e o do xuvenil, como Óscar, Uxío, Pablo No, Adrián Pardo e Guti.

O comezo escalonado do Fútbol Sala

Importante representación dos equipos da provincia nas principais categorías, con tres nas femininas e outros dez nas masculinas

O fútbol sala tamén volverá ás canchas pero no seu caso será de forma máis escalonada nun ano no que existe unha importante representación de equipos da provincia na elite deste deporte.

Galicia é unha potencia e Lugo contribúe a iso. 3 equipos nas dúas categorías femininas e 12 nas 5 masculinas son un número máis que representativo.

O Pescados Rubén Burela segue a ser o máximo referente cunhas laranxas que non paran de encadear triunfos e con eles tamén situados na Primeira División. Para elas o comezo está máis preto, a mediados de mes, mentres que eles terán que esperar ata outubro.

Xunto ao Burela está o Castro FSF tamén en Primeira, que logrou manterse na categoría. Estrearase, pola contra, en Segunda División femini-

na, o Vilalba FS, que logrou un ascenso histórico, ao igual que fixo o Lugo Sala na masculina, que se estrea na categoría de prata por primeira vez na súa corta historia.

Á Segunda División B regresa o Ribeira FS, que estará xunto ao Xove e o Vilalba.

Na Terceira división tamén hai representación importante, como o Insuas do Miño, que conserva a categoría finalmente logo da renuncia dun rival. Estarán xunto a este Begonte, Outeiro de Rei, PM Friol, San Xoán de Guitiriz e Praias de Barreiros. Os begontinos regresan á categoría mentres que o PM Friol está de estrea. Completan a lista dous equipos lugueses que se manteñen un ano máis na máxima categoría xuvenil, o Ribeira e o Lugo Sala.

A primeira en empezar será a Primeira feminina. A fin de semana do 15 será a vez dos xuvenís, a Segun-

da División B e a Terceira. Seguirán a Segunda feminina e masculina e os últimos en unirse son os de Primeira División masculina. A Preferente tamén sairá ao parque o 15.

A COPA DEPUTACIÓN

Mentres as ligas non comezan, os pavillóns contarán co movemento que achega a V Copa Deputación de Fútbol Sala, na que participan 40 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina e que se disputará ata o 1 de novembro. Xogarán as dúas primeiras sesións a principios de setembro. A fin de semana do 12 de outubro e a ponte do 1 de novembro foron os días escollidos para completar a competición.

do Miño Rábade FS, Grupo Forma-T



Vilalba FS B, Praias de Barreiros CD, Concello de Begonte FS, Fonsagrada FS, Os Meigallos FS, Club Deportivos Casás, PM Friol FS, ADC Lugo Sala Automóviles Losada B.

De Primeira e Segunda División Masculina participan 19 equipos: CD Chao, Castroverde FS, Samos FS,

PM Friol FS B, Decotropic FS, O Kreo Guitiriz FS B, Outeiro de Rei SD B, Concello de Begonte FS B, Luisitalla, Cubelas, Puebla Futsal, Trabada Futsal, SD San Lázaro, Oural FS, Abeilla FC, FSF Castro Carnemax, A Ladeira Os Meigallos FS B, Club Lemos FS, Desguaces Herbón.

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.

Dirección: Diego E. García Puente

Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924

E-mail: redaccion@terrachaxa.com

Impresión: Tameiga Publicacións S.L.

Dep. Legal: LU-517-03

ISSN 2660-4507

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DE RUTA EN RUTA

Itinerario a través da Pastoriza

Combina dúas rutas a pé e visitas a museos con percorridos en localidades como Baltar, Bretoña e a propia capitalidade

Para coñecer o patrimonio cultural e natural da Pastoriza habería que optar por facer unha combinación entre o sendeirismo e o desprazamento en coche.

Para comezar a mellor opción é facelo por un dos puntos emblemáticos do concello, a lagoa que nutre ao río Miño, situada na parte sur e moi preto do nacemento oficial do río, o Pedregal de Irimia. De aí parte unha ruta, a das augas de Fonmiñá, que pasa a carón do Castro de Saa e chega á praia fluvial de Baltar. Ten unha lonxitude de case trece quilómetros que se realiza en aproximadamente tres horas e vinte minutos. Nas inmediacións da lagoa podemos atopar un conxunto escultórico dedicado ao deus Breogán realizado en 1969 por Magín Picallo e Manuel Mallo. Tamén, de recente construción é o Centro de Interpretación do Miño, que comezou a recibir visitas os días alternos.

Entre as visitas máis destacadas desta ruta está o Castro de Saa, un asentamento correspondente á Idade de Ferro no que se sigue a traballar para sacalo de novo á superficie e que se compón de tres murallas defensivas, cos seus respectivos fosos, un antecastro e a croa. Dende esta situación teremos unha panorámica da contorna de 360 graos. Está xa na parroquia de Baltar, onde tamén se pode visitar unha cova ao lado do Miño, unha área recreativa e facer un paseo ata os muíños de Anllo. Conta a lenda que no túnel que levaba a auga ata eses muíños estiveron escondidos moitos republicanos durante a Guerra Civil. Se queremos seguir indagando no



pasado arqueolóxico da localidade, cómpre unha visita a Bretoña, onde está situado o Centro de Interpretación e no que se atopan moitos dos achados do castro. Tamén se pode coñecer de primeira man todo o pasado desta localidade edificada sobre un antigo castro e a súa vinculación cos bretóns.

Si se pasea por Bretoña non se pode esquecer de coñecer a igrexa. Trátase dunha edificación

de tres naves e ten moitas inscricións, unha delas é do século IX e fai referencia á consagración do antigo templo en honra de Santa María Nai da Paz. Imprescindible tamén coñecer o paseo fluvial, onde se pode seguir camiñando nun percorrido fácil e de gran beleza.

É precisamente nese paseo onde comeza a outra gran ruta da Pastoriza, a Ruta de Maeloc, de arredor de 15 quilómetros. Iníciase



xusto ao lado da carballeira onde se celebraban as festas de Lugnasad. Pódese desfrutar da natureza e de tres muíños perfectamente restaurados. O percorrido pasa pola pista de eólicos ata Pena Gallada, punto xeodésico de Carracedo e unha magnífica panorámica con Foz ao fondo sempre e cando a meteoroloxía o permita e o día sexa claro. Ao oeste vense gran parte das montañas da Fonsagrada ata Os Ancares e conta

cun miradoiro excepcional. Pasa tamén por Campo do Oso, onde se celebra a Rapa das Bestas. Na capitalidade convén un paseo para ver a súa emblemática casa do concello, dar un paseo polas súas rúas, que contan con sorpresas agochadas e tamén pola área recreativa do Acebreiro. Para os afeccionados ao motor, a Pastoriza conta cun dos poucos circuitos existentes en Galicia, con competicións reguladas e oficiais.



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05